

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de abril de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do quince de abril de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia do a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(331).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 1 de abril de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(332).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN EN RELACIÓN CO PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN-2015. DESESTIMACIÓN. EXPTE. 102893/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 06/04/16, do asesor xurídico adxunto, conformado pola xefa do servizo de Benestar Social, polo xefe de área e pola concelleira-delegada de Política do Benestar, que di o seguinte:

“1.1. A Xunta de Goberno Local, nas súas sesións extraordinarias e urxentes do 30.12.2014, 13.02.2015 (modificación) e 13.03.2015 (corrección), acordou aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 102893/301).

1.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

1.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2015 consignouse unha partida por importe de 2.000.000 de euros destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

1.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=607&lang=ga>) e no BOP de Pontevedra nº 88, do 12.05.2015. O prazo de presentación de solicitudes comezou o 13.05.2015 e rematou o 09.06.2015.

1.5. Durante ese prazo presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de 3.007 solicitudes, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos ó abeiro do Art. 71 da L.30/1992 (LRX-PAC). A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

1.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 16.11.2015).

1.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno

Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 23.11.2015 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.828 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 150059701 e remata co nº 150121711), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015». O gasto total (1.799.909,00€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”.

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 1.179 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 150059277 e remata co nº 150082714) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos na web municipal, no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social.

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

I.8. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN, co contido que será obxecto de análise neste informe, emitido por solicitude verbal da Xefatura de Área de Política de Benestar.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBR (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.

- Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación – 2015 (Concello de Vigo; XGL 30.12.2014, 13.02.2015 (modificación) e 13.03.2015 (corrección); BOP nº 88, do 12.05.2015).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e pro actione que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 110.2 da LRX-PAC, resulta indiferente para a tramitación e resolución dos recursos a cualificación concreta que as persoas recorrentes lles asignen ós escritos de impugnación (reclamación, revisión...), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 23.11.2015, desestimatorio das súas solicitudes de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015».

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: foron interpostos en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 107, 116 e ccdtes. LRX-PAC), solicitando a estimación dos recursos e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 117.2 LRX-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, debería ser desestimado por silencio administrativo (Art. 43.2 LRX-PAC) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 42.1 LRX-PAC).

III.5. Examinado o seu contido, propoñemos **DESESTIMAR** expresamente os recursos que se relacionan no CADRO ANEXO, toda vez que o Acordo da XGL impugnado resulta axustado ás bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015» e as respectivas solicitudes foron correctamente desestimadas por superar o nivel de rendas establecido nas Bases para a unidade familiar ou de convivencia, por non achegar toda a documentación necesaria ou polas demais causas sinaladas en cada caso no Anexo II daquel Acordo (carecer do permiso de residencia, falta da antigüidade esixida no PMH, falecemento, etc.)

Polo exposto, a resolución desestimatoria adoptada a respecto desas solicitudes foi correcta e debe ser confirmada nesta instancia.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar os recursos potestativos de reposición presentados contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.11.2015 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas económicas ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015» que figuran no Cadro Anexo por superar o nivel de rendas máximo establecido nas Bases, non achegar toda a documentación requirida ou polas demais circunstancias que se expresaron en cada caso (Base 7ª pto. 1, Apdo. 5; Bases 9ª, 11ª e ccdtes.). O Anexo comeza con M.B.D.C. - 36139335-X (nº 1) e remata con M.F.C.A.- 76898721-S (nº 146).

SEGUNDO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

ANEXO

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
1	M.B.D.C. 36139335-X	110794/301	2ª Travesía Foxos nº 9, Bx. 36207 Vigo.	03/12/2015 150155740	(1)
2	F.R.G. 39453449-P	113131/301	Urzaiz nº 225 -1º C 36205 Vigo	17/12/2015 150163968	(1)
3	J.V.V. 32418457-A	112500/301	Castelao nº 46 - 9º 36209 Vigo	03/12/2015 150155772	(1)
4	M.S.B. X-6462034-T	113527/301	Travesía de Vigo nº 120 - 2º E 36206 Vigo	07/12/2015 150157354	(1)
5	A.C.R. 39466593-L	113821/301	Vía nº 19 – 1º 36215 Vigo	30/11/2015 150153802	(1)
6	L.A.F.R. 36051024-L	112394/301	Alameda Suárez Llanos nº 12 36208 Vigo	10/12/2015 150158700	(1)
7	J.M.S.P 53188588-F	110813/301	Travesía de Vigo nº151- 2º B 36207 Vigo	04/12/2015 150156555	(1)
8	D.M.J. 36063636-G	110838/301	Alcalde Gregorio Espino nº43-1º C 36205 Vigo	03/12/2015 150155834	(1)

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
9	M.C.A.J. 32814066-N	112575/301	Alexandre Bóveda nº 8 -1º B 36210 Vigo	14/12/2015 150160324	(1)
10	E.M.J. 33333841-X	109892/301	Extremadura nº 114, Bx. 36205 Vigo	30/11/2015 150153747	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
11	M.S.F.F. X-3481087-Z (=DNI 54427644-F)	111204/301	As Teixugueiras nº 15, Portal 3-6º A 36213 Vigo	20/01/2016 160006361	(1)
12	V.R.R. 53175212-V	109796/301	Coutadas nº137- 1º 36207 Vigo	01/12/2015 150154537	(1)
13	L.R.B. 39450093-X	110393/301	Santa María de Oia nº 4 -4ºA 36209 Vigo	04/01/2016 160000447	(1)
14	M.S.A. 36150992-Y	113574/301	Marín nº 17- 5ºD 36209 Vigo	07/12/2015 150157372	(1)
15	M.S. X-7943005-R	110781/301	Brasil nº 52- 3ºC 36204 Vigo	03/12/2015 150155838	(2)
16	A.G.F. 39496005-Z	106583/301	Conde Torrecedeira nº 27 – 6º D 36202 Vigo	14/12/2015 150160587	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
17	A.F.K. 39496402-C	106572/301	Bajada Mestre Chane nº 8- 5º I 36206 Vigo	11/12/2015 150159639	(1)
18	S.L.C. 36104862-Z	110860/301	Av.Camelias nº112 -2º B 36211 Vigo	09/12/2015 150157668	(1)
19	M.O.S. 36149578-H	112702/301	Anduriña nº 27 -1º A 36205 Vigo	09/12/2015 150158071	(1)
20	M.D. X-7967214-Z	110442/301	Sanjurjo Badía nº 97, Ent. Drta. 36207 Vigo	10/12/2015 150158479	(1)
21	J.C.P.C. 36128591-F	111079/301	Cmño. Souto do Chan nº 12 , Bx. 36312 Vigo	11/01/2015 160002189	(1)
22	A.L.S. Y-1691036-K	110863/301	Emilia Pardo Bazán nº 58 – 4ºB 36204 Vigo	26/11/2015 150152497	(1)
23	E.G.H. 36096514-S	113730/301	Pino nº 28 – 1ºA 36206 Vigo	12/01/2016 160003146	(1)
24	J.R.F. X-3227118-B	113265/301	Cangas nº 2 – 7ºD 36209 Vigo	16/12/2015 150161832	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
25	A.G.M. 32687147-F	112419/301	Ricardo Mella nº 262 -1ºB 36330 Vigo	11/12/2015 150159807	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
26	A.C.C. 36104719-D	110544/301	As Teixugueiras nº 15, Portal 4 -1ºH 36212 Vigo	08/01/2016 160001783	(1)
27	F.V.M. X-9639744-F	110671/301	Zamora nº 66 -4ºC 36203 Vigo	26/11/2015 150152495	(1)

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
28	N.J.B. 53187599-F	111310/301	Av. Galicia nº 130 , Bx. 36216 Vigo	01/12/2015 150154378	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
29	C.N. X-7691552-F	111013/301	Enrique Lorenzo nº23, Bx. 36207 Vigo	07/12/2015 150157211	(1)
30	E.K. X-8816366-Y	110339/301	Pereiro nº 7 Bx. I 36013 Vigo	02/12/2015 150155123	(1)
31	N.P. X-2159667-J	112708/301	Bxda. Mestre Chane nº 8 – 2º I 36206 Vigo	17/12/2015 150163289	(1)
32	M.C.P.P. 36157606-L	112435/301	Cmño. Regueira nº 55, Bx. (Comesaña) 36216 Vigo	11/12/2015 150159547	(1)
33	I.D.A.S. X-2126107-X	114086/301	Parachán nº 30, Bx. 36317 (Candeán) Vigo	21/12/2015 150170552	(1)
34	M.E.G.C. 54383978-H	112346/301	Urzaiz nº 112 – 6ºA 36204 Vigo	07/12/2015 150157132	(2)
35	J.R.F.A. 36121365-A	112034/301	Boán Interior nº12, Bx. 36207 Vigo	30/11/2015 150153882	(1)
36	M.R.D.S. 36095322-L	113169/301	Peñasco nº 9- 1º 36202 Vigo	07/12/2015 150157428	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
37	L.P.D. 36172016-P	113226/301	Castrelos-Macal nº 46 36213 Vigo	03/12/2015 150156003	(1)
38	T.N. X-7804129-E	113285/301	Travesía de Vigo nº94 - 2º 9G 36207 Vigo	27/11/2015 150152806	(1)
39	P.G.L. 36129273-E	113744/301	Moaña nº 24 -3º Esq. 36209 Vigo	16/12/2015 150161890	(1)
40	L.J.V.L. 54430980-P	112953/301	Sanjurjo Badía nº 40 - 4º G 36207 Vigo	01/12/2015 150154721	(1)
41	I.I. X-9411145-M	112872/301	Urzaiz nº 223 – 2º Esq. 36204 Vigo	09/12/2015 150157714	(1)
42	T.D. Y2237385-M	112017/301	Jesús de Fernández nº3 – 2º 36205 Vigo	14/12/2015 150160199	(3) O solicitante leva menos de 3 anos empadroadado no municipio
43	B.M.S. 36173886-S	111826/301	As Teixugueiras nº 7 , Portal 1- 10º D 36212 Vigo	04/12/2015 150156558	(1)
44	V.B.M. 71510187-J	113649/301	Coutadas nº78 – Bx. 4 36204 Vigo	18/12/2015 150164923	(1)
45	M.C.T.V. 36088774-A	113078/301	Av. Balaídos nº 2 -1º A 36210 Vigo	04/12/2015 150156513	(1)
46	M.A.N.N. Y-2145119-S	110374/301	Av. Balaídos nº 69- 1º Drta. 36210 Vigo	18/12/2015 150165383	(1)
47	M.N. X-1888377-P	113177/301	Crisantemo nº 9 -1º 36207 Vigo	18/12/2015 150165394	(2)
48	M.D.A.D.A. 39514386-H	112166/301	Travesía de Vigo nº 120 – 8º B 36206 Vigo	30/11/2015 150153746	(1)

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
49	M.N.C.A. 36094437-P	106563/301	As Teixugueiras nº 17, Portal 3- 2ªA 36212 Vigo	03/12/2015 150156039	(1)
50	L.M.E. 53175957-A	112227/301	Anduriña nº 19 -2º C 36205 Vigo	02/12/2015 150155102	(1)
51	M.R.G.E. 77014602-E	112822/301	Av.Alcalde Gregorio Espino nº10, 3-3º K 36207 Vigo	01/12/2015 150154472	(1)
52	J.A.C.D. 36138312-E	113995/301	Santa Tegra nº 63 – Bx. 36207 Vigo	17/12/2015 150163891	(1)
53	L.C.T.G. 54382206-V	110219/301	Extremadura nº 45 – 2º E 36206 Vigo	16/12/2015 150161562	(1)
54	D.C.C. 36066104-B	111296/301	Av. Ramón Nieto nº 187, Portal 1 5ºD 36205 Vigo	15/12/2015 150161017	(1)
55	T.S. Y-2475718-N	111711/301	Av. Hispanidade nº76 -1º E 36203 Vigo	15/12/2015 150161246	(2)
56	A.M.L.G. 36080881-E	113556/301	Av. Gran Vía nº 33 – 8º Esq. 36204 Vigo	01/12/2015 150154239	(1)
57	K.C.C. 39487379-J	110788/301	Enrique Lorenzo nº 3 – 4º Esq. 36207 Vigo	18/12/2015 150165440	(1)
58	A.C.G.B. 36115226-M	111104/301	López de Neira nº 50 -1º C 36202 Vigo	18/12/2015 150165012	(1)
59	L.D.G. 36151263-R	110118/301	Ctra. Camposancos nº 313 -1º B 36330 Vigo	18/12/2015 150165014	(1)
60	B.G.R. 36078156-B	113312/301	Travesía de Vigo nº 113 – 6ªA 36206 Vigo	14/12/2015 150160329	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
61	M.D.N.F. 36042577-J	112092/301	Urzaiz nº 229 - 4º C 36205 Vigo	01/12/2015 150154260	(2)
62	B.C.S. 39733074-Z	113045/301	Ernesto Lecuona nº 1 -1º E 36205 Vigo	01/12/2015 150154799	(1)
63	J.G.A. 53185039-T	113552/301	Pza. Maruxa Mallo nº 1 – 6º D 36206 Vigo	16/12/2015 150161888	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
64	G.I. X-9109971-Y	111239/301	Palencia nº 49 -1º 36205 Vigo	15/12/2015 150161282	(1)
65	B.C.S.F. X-6632117-K	112464/301	Lorient nº 3 – 9ªA 36210 Vigo	14/12/2015 150160590	(1)
66	A.P.C.L. X-5867163-R	112399/301	Pino nº 55 – 2º A 36206 Vigo	24/11/2015 150151112	(1)
67	V.T. Y-0516893-M	111725/301	Panamá nº 2 -3º D 36203 Vigo	09/12/2015 150157879	(1)

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
68	D.V.O. Y-3445899-F	113449/301	Palencia nº 49 -2º 36205 Vigo	30/11/2015 150153681	(3) O solicitante leva menos de 3 anos empadroado no municipio
69	E.A.L. 36037680-S	113187/301	Dr. González Sierra nº 3 -2º Drta. 36211 Vigo	17/12/2015 150163984	(1)
70	H.A.C.M. 54430408-B	113038/301	O Rosal nº 1 – 12º A 36209 Vigo	03/12/2015 150155910	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
71	S.M.E.D. 36023706-W	111930/301	Cmño. Milladas nº17 – 1º 36214 (Lavadores) Vigo	09/12/2015 150157648	(1)
72	M.V.A. 36094738-X	111102/301	As Teixugueiras nº 17, Portal 3- 7ºA 36212 Vigo	12/01/2016 160003111	(1)
73	C.S.F. 34867159-X	113530/301	Poboadores nº 14 , Bx. 36202 Vigo	20/01/2016 160006395	(1)
74	L.C.G. 36060878-Y	112858/301	As Teixugueiras nº 17, Portal 2- 1ºH 36212 Vigo	22/12/2015 150171914	(1)
75	M.T.A.G. 36023387-M	112561/301	Bueu nº 13 – 1º Drta. 36209 Vigo	05/01/2016 160000648	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
76	A.B.B.P. 36084804-N	113739/301	Enrique Lorenzo nº 40 – 3º Esq. 36207 Vigo	23/12/2015 150172888	(2)
77	G.N.S. 39488105-A	110887/301	Couto Piñeiro nº 18 – 2º 36204 Vigo	21/12/2015 150169623	(1)
78	A.M.G.G. 36162835-G	113968/301	Alcalde Gregorio Espino nº 10, Portal 1 -2ºD 36205 Vigo	26/11/2015 150152486	(1)
79	V.N. X-9673276-M	112937/301	Couto San Honorato nº 82 – 1º Drta. 36204 Vigo	09/12/2015 150157700	(1)
80	E.A.L. 36032990-V	110575/301	Burgos nº 33 -4º A 36205 Vigo	09/12/2015 150157601	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
81	M.L.D.A.S. X-3488226-T	111425/301	Parachán nº 16- 1º 36317 Vigo	27/11/2015 150152979	(1)
82	D.G.R.. 39485309-J	111410/301	Santo Domingo nº 8 – 2º B 36204 Vigo	04/12/2015 150156692	(1)
83	M.D. X-3505711-M	111331/301	Aragón nº 73, Sótano 2 36207 Vigo	04/12/2015 150156376	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
84	J.A.F. 36055306-T	112580/301	José de la Peña nº 14, Bx. A 36208 Vigo	02/12/2015 150155454	(1)
85	B.C.J. 36143844-B	112393/301	Caramuxo nº 29, Bx. 36213 Vigo	11/12/2015 150159802	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
86	A.I.R.C. 36135990-T	113438/301	Cmño. Outeiro nº35, San Miguel de Oia 36390 Vigo	02/12/2015 150155105	(1)

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
87	I.G.C. 54428721-A	113568/301	Av. García Barbón nº 48 – 4º Esq. 36201 Vigo	03/12/2015 150156071	(1)
88	P.R.P. 36124028-K	112726/301	Penis nº 59 – 2º 36215 Vigo	30/11/2015 150153739	(1)
89	R.F.V.P. 36141934-X	111272/301	Av. de Galicia nº 280 – Bx. 36216 Vigo	30/11/2015 150154066	(1)
90	A.D. Y-1794503-B	111051/301	Real nº 24 – 2º Drta. 36202 Vigo	03/12/2105 150155958	(1)
91	R.C. Y-3314704-G	111106/301	Francisco de Sales nº 36, Bx. 36213 Vigo	01/12/2015 150154392	(3) O solicitante leva menos de 3 anos empadroado no municipio
92	M.E.G. 36000707-A	112024/301	Cmño.Estomada nº5, Bx. San Miguel de Oia 36390 Vigo	02/12/2015 150155119	(1)
93	V.G.L. Y-2587299-C	111002/301	Xuncal nº 91 -2º 36216 Vigo	14/12/2015 150160550	(3) O solicitante leva menos de 3 anos empadroado no municipio
94	M.P.R.J. 53186527-Q	113651/301	Av. Beiramar nº 149 – 4º Esq. 36208 Vigo	02/12/2015 150155347	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
95	M.Z.K. 17738833-Z	111241/301	Colombia nº 17 – 4º E 36204 Vigo	24/12/2015 150173052	(1)
96	A.M.S.B. 39489166-Y	110972/301	Padre Sarmiento nº 10 – 3º Esq. 36204 Vigo	14/12/2015 150160386	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
97	D.A.G.S. 39469926-V	113155/301	Tomás Alonso nº27 – 1º Esq. 36208 Vigo	17/12/2015 150164494	(1)
98	D.E.C.R. 39514320-K	111262/301	Travesía de Vigo nº 171 – 1º Drta. 36207 Vigo	30/12/2015 150174522	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
99	S.G.G. 53190555-L	111270/301	Av. Galicia nº 65, Portal 12 -1º E 36216 Vigo	21/12/2015 150169538	(1)
100	C.A.J. 46897230-T	113511/301	As Teixugueiras nº 15, Portal 2- 4ºH 36212 Vigo	22/12/2015 150171887	(1)
101	R.V.V. 36160829-E	113202/301	Av. Alcalde Portanet nº 33 -8ºB 36210 Vigo	05/01/2016 160000849	(1)
102	S.C.N. X-9727676-X	112694/301	Aragón nº 72 – 3ºD 36206 Vigo	30/11/2015 150154087	(2)
103	I.R. X-8204409-X	111408/301	Joaquín Loriga nº 18 Bx. B 36203 Vigo	30/11/2015 150153812	(2)
104	A.G.M. 53179103-K	110724/301	Conde Torrecedeira nº 73 -4º E 36202 Vigo	15/01/2016 160004660	(1)

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
105	S.D. X-9202427-N	110036/301	Milladas nº 46, Bx. 36204 Vigo	01/12/2015 150154390	(1)
106	V.C. Y-0713871-B	111769/301	Urzaiz nº 55 -2ºD 36201 Vigo	15/12/2015 150161351	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
107	L.R.G. 53192953-W	113427/301	Ctra. Camposancos nº 552 36213 Vigo	03/12/2015 150155790	(1)
108	M.C.M.M. 36118915-Z	113810/301	Travesía Extremadura nº 5 -1º Esq. 36206 Vigo	03/12/2015 150156143	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
109	M.S.L.A. 36071141-B	111573/301	Av. Castelao nº 42 – 3º Esq. 36209 Vigo	09/12/2015 150157702	(1)
110	I.L.A. 36071142-N	111572/301	Salvaterra nº 5 – 4ºB 36209 Vigo	09/12/2015 150157710	(1)
111	L.E.M.T. X-7209903-R	112638/301	Travesía de Vigo nº 34 – 4ºB 36206 Vigo	15/12/2015 150160982	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
112	L.C. Y-0749623-K	110943/301	Doutor Carracido nº 9 -1º 36205 Vigo	26/11/2015 150152568	(1)
113	M.D. X-1375709-X	110437/301	Montecelo nº 18, Bx. 36207 Vigo	11/01/2016 160002515	(1)
114	M.L.D. 53173177-Y	112067/301	Ctra. Valladares nº 2 -2º Esq. 36315 Vigo	29/01/2016 160010552	(1)
115	C.D.R. 35918900-F	112842/301	Santa Tegra nº 16 – Bx.Esq. 36207 Vigo	30/12/2015 150174440	(1)
116	V.V.G. 53182965-L	113470/301	Travesía de Vigo nº 209, Portal B - 3º Pta. 14 36207 Vigo	27/01/2016 160009461	(2)
117	Y.E. X-2634539-G	111511/301	Espiñeiro nº 53, Bx. 36207 Vigo	04/12/2015 150156551	(3) O solicitante renunciou a outra axuda ou prestación
118	D.D.C. 35568350-T	111555/301	San Roque nº 34 36204 Vigo	09/12/2015 150157894	(1)
119	F.W.D.S. X-7850167-Z	113720/301	Sanjurjo Badía nº 198 -2º 36207 Vigo	14/12/2015 150160593	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
120	M.C.O.-C.B.-C. 36013483-Z	113843/301	Ctra. Baixada o Bao nº88 -1ºC 36331 (Coruxo) Vigo	09/12/2015 150157683	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
121	M.D. X-1470796-S	111633/301	Crisantemo nº 9 – 1º 36207 Vigo	15/12/2015 150161140	(1)
122	M.K.K. 53859723-W	111583/301	López Mora nº 19 – 6ºC 36211 Vigo	10/12/2015 150158728	(1)
123	P.T.A.D.S. Y3008454-E	113196/301	Salgueira Grupo Sindical nº 9 -2ºC 36204 Vigo	25/11/2015 150151946	(1)
124	M.E.B.C. 36132541R	113718/301	Vía Norte nº 54 – 2ºC 36206 Vigo	22/12/2015 150172138	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
125	L.L.B. 45897106-P	112368/301	Cristo nº 27 – 1º E 36205 Vigo	30/11/2015 150154043	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
126	M.G.D. 349011963-S	113918/301	Cuba nº 25 – 3º 36204 Vigo	17/12/2015 150163995	(1)
127	M.F.N. 36063167-H	113991/301	Cmño. Simona nº 22, Bx. 36315 Vigo	17/12/2015 150164197	(3) Solicitud inicial presentada fóra de prazo
128	F.J.B. 35481255Y	110265/301	Camiño a Laxe nº 13, Bx. 36214 Vigo	14/12/2015 150160276	(1)
129	M.D. X-6845077-R	110784/301	Esperanto nº 11, Bx. 36204 Vigo	10/12/2015 150158475	(1)
130	B.D. Y-1680931-J	110664/301	Santa Marta nº 8 – 2º 36202 Vigo	09/12/2015 150157652	(1)
131	A.F.R. 39461832-L	112646/301	Penis nº 59 – 2º 36215 Vigo	30/11/2015 150153734	(3) O solicitante leva menos de 3 anos empadroado no municipio
132	C.V.H.P. Y1722674-B	110407/301	Cmño.dos Esturáns nº 65 – 2º Esq. 36208 Vigo	01/12/2015 150154542	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
133	M.M.G.D. 53186267D	111113/301	Milladas nº 16, Bx. 36214 Vigo	02/12/2015 150155189	(1)
134	E.C.V. 54430525-J	110343/301	Conde Torrecedeira nº 27 -3º C 36202 Vigo	02/12/2015 150155308	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
135	S.H. X-8531536-P	110304/301	Falperra nº 45, Bx. Drta. 36202 Vigo	30/11/2015 150153405	(1)
136	R.M.G.T. 39463107-Y	110269/301	Illas Baleares nº 30 - 4ºB 36203 Vigo	14/12/2015 150160516	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
137	D.Y.R.P. 54381318-A	110022/301	As Teixugueiras nº 17, Portal 3- 7ºC 36212 Vigo	02/12/2015 150155165	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
138	C.M.L.P. 54469862-C	109837/301	Pizarro nº 32 – 5º 36204 Vigo	14/12/2015 150160420	(1)
139	M.F.R.E. 36024148-F	110224/301	Angel de Lema y Marina nº 74, Bx. 36216 Vigo	24/11/2015 150150887	(1)
140	M.C. Y-0731966-M	106592/301	Conde Torrecedeira nº 80 36202 Vigo	04/12/2015 150156355	(2)
141	S.G.G. 53186951-A	111096/301	3º Trva.Purificación Saavedra nº 23, 36207 Vigo	15/12/2015 150160959	(1)
142	S.A.G. 36115393-B	112584/301	Bueu nº 33 -3º D 36209 Vigo	30/11/2015 150153740	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
143	R.P.M. 39490172-T	113938/301	Conde Torrecedeira nº 11, Esc.D- 6ºT 36202 Vigo	04/12/2015 150156570	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
144	A.C.S.C. 54468542-B	110071/301	Av.Alcalde Gregorio Espino nº 10 Portal 4 -8º O 36205 Vigo	04/12/2015 150156488	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
145	M.B.N.B. 39485847-K	110066/301	Travesía de Vigo nº 57- 1ºB 36206 Vigo	07/12/2015 150157164	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
146	M.F.C.A. 76898721-S	113611/301	Condesea Casa Barcena nº 1 -3ºB 36204 Vigo	03/12/2015 150156043	(1)

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(333).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7614/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada polo secretario da Mesa de Contratación con data 11.04.16, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o 08 de abril de 2016, acordou:

2.- Proposta de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446)” no seguinte orde decrecente:

1. VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	98,29
2. ALTHENIA,S.L.	92,32
3. UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE- EL EJIDILLO	91,74
4. API MOVILIDAD	89,97
5. UTE INGESAN-OHL	88,52
6. ORTO PARQUES Y JARDINES S.L.	87,42
7. UTE MACRAUT INGENIEROS S.L – SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN S.L.-ARCEBANSA S.A.EULEN,S,A.	82,52

8. ABSA.	80,94
9. TALHER,S.A	64,66
10. ELSAMEX,S.A.	63,36
11. GESECO, S.A	50,88
12. EULEN,S,A	42,13
13.-GRUPO RAGA, S.A.	35,16

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por importe mínimo de 3.000.000 €.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 623,24 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(334).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA E DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS E SÓLIDOS NO PARQUE DAS CIENCIAS DE VIGO. EXPTE. 6603/12.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada polo secretario da Mesa de Contratación con data 31.03.16, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o 30 de marzo de 2016, acordou:

6.- Propostas de clasificación.

- a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación da explotación do servizo de cafetería e de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos no Parque das Ciencias de Vigo. (expediente 6603-12).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- - Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento negociado con publicidade para a contratación da explotación do servizo de cafetería e de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos no Parque das Ciencias de Vigo. (expediente 6603-12).” no seguinte orde decrecente:

*Vigo Eventos, S.L. 94 puntos.
Pablo Vidal Rodríguez 67,39 puntos.*

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Vigo Eventos, S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 11 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador para que especifique os 16 produtos especiais (sen gluten e sen lactosa) dos presentados na súa primeira oferta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(335).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO “2º CORRE POLO NOSO MUNDO, A NOSA DIGNIDADE E O NOSO FUTURO”, O VINDEIRO 24 DE ABRIL DE 2016. EXPTE. 14863/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 12/04/16, do director deportivo-xefe da ud.técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

A entidade Colexio Apostol Santiago, con CIF (R-3600082), solicitou o día 30-11-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150153484), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 2º CORRE POLO NOSO MUNDO, A NOSA DIGNIDADE E O NOSO FUTURO*
- Data: 24 DE ABRIL DE 2016*
- Horario: 10.30H A 14.00H*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 24 de abril de 2016; a proba comezará ás 10.30h e rematará ás 14.00h, e descorrerá pola rúa Sanjurjo Badía (á altura do colexio) seguindo ata a rontonda de García Barbón, Xulián Estévez, Av. Guixar e rúa Foxos(entrando polo parking do colexio), tanto a saída como a chegada situarase dentro do colexio.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Colexio Apostol Santiago, con CIF (R-3600082), a organizar o vindeiro domingo 24 de abril de 2016, a proba deportiva denominada 2º CORRE POLO NOSO MUNDO, A NOSA DIGNIDADE E O NOSO FUTURO, esta proba deportiva comezará ás 10.30h e rematará ás 14.00h, e descorrerá polas rúas Sanjurjo Badía (á altura do colexio) seguindo ata a rotonda de García Barbón, Xulián Estévez, Av. Guixar e rúa Foxos(entrando polo parking do colexio), tanto a saída como a chegada situarase dentro do colexio.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(336).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “10ª CARREIRA-ANDAINA HAPPYGORUNNING” O 24 DE ABRIL DE 2016. EXPTE. 14864/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 12/04/16, do director deportivo-xefe da ud.técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Universidade de Vigo (Clube Deportivo) CIF (Q-8650002B), solicitou o día 30-11-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150153967), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 10ª CARREIRA-ANDAINA HAPPYGORUNNING
- Data: 24 DE ABRIL DE 2016
- Horario: 11.00h 12.30h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 24 de abril de 2016; a proba comezará ás 11.00h e rematará ás 12.30h, primeramente haberá unha andaina que comezará ás 09.30h e rematará ás 12.30h e percorreren polo interior do Campus e área forestal de Beade e a carreira Happygorunning que comezará ás 11.00h e rematará ás 12.30h percorrendo pola estrada de circunvalación do Campus Universitario Lagoas_Marcosende, tramo da estrada de acceso ao Campus dende Autovía A-52 situado entre a entrada á Cidade Deportiva do Circulo Mercantil e Industrial de Vigo e a rotonda que marca o inicio da circunvalación ao propio Campus Universitario, interior da Cidade Deportiva do Circulo Mercantil de Vigo, e as vías interiores do Campus Universitario Lagoas Marcosende.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Universidade de Vigo (Clube Deportivo), con CIF (Q-8650002B), a organizar o vindeiro domingo 24 de abril de 2016, a proba deportiva denominada 10ª CARREIRA-ANDAINA HAPPYGORUNNING a proba comezará ás 11.00h e rematará ás 12.30h; primeramente haberá unha andaina que comezará ás 09.30h e rematará ás 12.30h e percorreren polo interior do Campus e área forestal de Beade e a Carreira Happygorunning que comezará ás 11.00h e rematará ás 12.30h percorrerá pola estrada de circunvalación do Campus Universitario Lagoas Marcosende, tramo da estrada de acceso ao Campus dende Autovía A-52 situado entre a entrada á Cidade Deportiva do Circulo Mercantil e Industrial de Vigo e a rotonda que marca o inicio da circunvalación ao propio Campus

Universitario, interior da Cidade Deportiva do Circulo Mercantil de Vigo, e as vías interiores do Campus Universitario Lagoas Marcosende

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(337).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “XXXVII CROSS ESCOLAR MOSTEIRO BEMBRIVE” O VINDEIRO 17 DE ABRIL DE 2016. EXPTE. 14865/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 12/04/16, do director deportivo-xefe da ud.técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

A entidade ANPA BENEVIVERE, con CIF (G36774768), solicitou o día 30-11-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150153593), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: XXXVII CROSS ESCOLAR MOSTEIRO BEMBRIVE*
- *Data: 17 ABRIL DE 2016*
- *Horario: 09.00h A 13.00h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o **domingo 17 de abril** de 2016; esta proba comezará ás 10.00h e rematará ás 13.00h, o percorrido proposto pola organización é pola estrada de Bembrive.*

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á ANPA BENEVIVERE, con CIF (G36774768), a organizar o vindeiro domingo 17 de abril de 2016, a proba denominada XXXVII CROSS ESCOLAR MOSTEIRO BEMBRIVE; esta proba deportiva comezará ás 10.00h e rematará ás 13.00h, e percorrerá pola estrada de Bembrive.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(338).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE ORZAMENTOS DE FACENDA, DO 18.03.16, POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA PARA O ANO 2016. EXPTE. 49289/511.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/03/16, dáse conta do informe-proposta do 18/03/16 do técnico medio de Servizos Económicos, conformado pola directora de Ingresos, que di o seguinte:

“A partir da Base de Datos de Vehículos existente nos Servizos Tributarios do Concello actualizada dende a emisión do Padrón Fiscal de 2015 ata febreiro de 2016 coa información remitida pola Xefatura Provincial de Tráfico, xunto coa documentación complementaria aportada polos suxeitos pasivos para aplicación de beneficios fiscais e a normativa do imposto prevista no RDL 2/2004 de 5 de Marzo (Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) así como na ordenanza fiscal reguladora; tense elaborado o presente Padrón fiscal do ano 2016 do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica para aprobación pola Concellería de Orzamentos e Facenda.

O desenvolvemento polo Servizo de Admón. Electrónica do Concello dun novo aplicativo para a elaboración e xestión deste Padrón Fiscal ten permitido detectar e subsanar datos erróneos que contiñan os padróns fiscais anteriores. A máis destas correccións, o Servizo de Xestión Tributaria realizou unha depuración -aínda non completada- da base de datos de vehículos de antigüidade superior a 25 anos, mediante consulta nos Servizos Web da Dirección Xeral de Tráfico (DXT).

A depuración realizada ata o presente da como resultado a exclusión do Padrón Fiscal de 2016 dos rexistros que correspondían a vehículos que non contan con seguro obrigatorio nin ITV dende decembro de 2010. Isto explica que o número de vehículos do Padrón Fiscal do presente ano conteña 189.608 rexistros fronte aos 197.544 que constan, para o Concello de Vigo, nos rexistros da DXT. Figura o detalle da depuración realizada, para cada clase de vehículo, no documento “ANEXO 3 PADRÓN FISCAL IVTM 2016” que acompaña a este informe.

Estimase oportuno incluír no documento padrón os ciclomotores e motocicletas de ata 125 cc. para unha maior claridade estatística, se ben, nestas clases de vehículos non se emite recibo. Segundo o artigo 8.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica así como o artigo 33.3 da Ordenanza fiscal xeral, non procede a emisión de recibos destes vehículos pola escasa contía da cota individual (1,10€ trala aplicación de bonificación do 75% por motivo da escasa incidencia no medio ambiente, sobre a cota de 4,42€). Os titulares destes vehículos poderán ingresar a cota correspondente, polo

procedemento de autoliquidación, tanto de forma presencial como accedendo a www.vigo.org, Oficina Tributaria Virtual do Concello.

Segundo os datos facilitados pola DXT durante o exercicio 2015, o número de vehículos rexistrados en Vigo tería aumentado en 2.315 unidades (un 1,19 % respecto do ano anterior). Unha vez excluídos os vehículos de antigüidade superior a 25 anos respecto dos que a páxina Web da DXT informa da inexistencia de seguro obrigatorio nin ITV dende decembro de 2010, o Padrón fiscal que se presenta a aprobación redúcese de 197.544 a 189.608 vehículos, resultando esta cifra máis acorde coa realidade. Non obstante, non foron realizadas aínda operacións de consulta para os vehículos das clases de turismos de ata 8 CV, ciclomotores e motocicletas de ata 125 cc polo que no "ANEXO 3 PADRÓN FISCAL IVTM 2016" a este informe, figuran con "cero baixas" estas categorías de vehículos.

O importe total do Padrón fiscal do presente exercicio 2016 diminúe en 61.158,66 euros segundo o detalle que figura no "ANEXO 1 PADRÓN FISCAL IVTM 2016" que acompaña a este informe.

Segundo pode observarse no citado ANEXO 1, a maioría das categorías de vehículos reducen o seu importe respecto do exercicio 2015 destacando en positivo a categoría de vehículos de turismos de entre 8 CV e 11,99 CV que incrementa, respecto de 2015, en 95.522,49 euros. Este incremento resulta correlativo ao incremento do 3,37 % desta categoría de vehículos que consta no "ANEXO 3 PADRÓN FISCAL IVTM 2016" a este informe.

Continuando coa análise deste ANEXO 3 obtemos os seguintes elementos explicativos da evolución negativa do Padrón:

- Diminución nun 1,29% do número de vehículos turismos entre 12 e 15,99 CV.
- Diminución nun 8,14 % do número de camións de menos de 1000Kg.
- Diminución nun 3,72% do número de camións comprendidos entre 1000 e 2999 Kg de carga útil.

Tamén rebaixa o importe do Padrón de 2016 respecto o do ano anterior a redución do 10 % da cota tributaria das motocicletas segundo Acordo Plenario 28 de setembro de 2015 (ANEXO 1 PADRÓN FISCAL IVTM 2016).

Se abordamos o capítulo de beneficios fiscais cuxo resume expoñemos no "ANEXO 2 PADRÓN FISCAL IVTM 2016", atopamos novos elementos que explican a redución do importe total:

- Aumento nun 2,18 % do número de vehículos que disfrutan de exención por seren de titularidade de persoas con discapacidade, acadando no exercicio 2016 o número de 6.337 fronte aos 6.203 do exercicio 2015.

- Aumento nun 30,82 % do número de vehículos novos que disfrutan de bonificación por baixa emisión de CO₂, acadando no exercicio 2016 o número de 3.256 vehículos fronte aos 2.489 do exercicio 2015 (houbo no exercicio 2015 un total de 4.891 novas matriculacións de vehículos dos que 3.256 (un 66,57%) abonarán durante o exercicio 2016 un 25% da cota do imposto o que supón unha minoración de ingresos no padrón de 179.612,24€.

Á vista do anterior, PROPONSE A CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA, en virtude de decreto de delegacións da alcaldía de 19 de xuño de 2015 e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1.- Aprobar o Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2016 que comeza coa inscrición do vehículo matricula 0000BCS e remata coa inscrición do vehículo matricula ZA-9992-H, polo importe total de 14.348.634,28 euros (Catorce millóns trescentos corenta e oito mil seiscientos trinta e catro euros con vinteoito céntimos), correspondentes a un total de 189.608 vehículos e 149.131 recibos emitidos.

2.- Aprobar a exención do imposto de vehículos de tracción mecánica a 1.155 vehículos de titularidade de discapacitados que reúnen as condicións establecidas no artigo 4 apartado 1.5. da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de "Bonif. Fiscal: ED" e "Ano de inicio.bonif: 2016" (a exención para os restantes 5182 vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con efectos para varios exercicios).

3.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 3.182 vehículos con emisións CO2 menores a 120grs/km así como a 74 vehículos con eficiencia enerxética A que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4b) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de "Bonif. Fiscal: CO2", "Bonif. Fiscal: Enerxética" e "Ano de inicio.bonif: 2016" e a súa cota bonificada correspondente.

4.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 16 vehículos eléctricos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4c) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de "Bonif. Fiscal: Eléctricos" e "Ano de inicio.bonif: 2016" e a súa cota bonificada correspondente. (a bonificación para os restantes 33 vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con carácter indefinido).

5.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 47 vehículos híbridos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4a) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de "Bonif. Fiscal: híbrido" e "Ano de inicio.bonif: 2016" e a súa cota bonificada correspondente.

6.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 12 vehículos adscritos a licenzas de auto taxi que utilizan combustible GLP que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4d) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de "Bonif. Fiscal: GLP" e "Ano de inicio.bonif: 2016" e a súa cota bonificada correspondente.

A documentación xustificativa dos anteriores acordos de aprobación de beneficios fiscais que figuran nos apartados 2, 3, 4, 5 e 6 anteriores, consta en expedientes individuais nas dependencias de xestión tributaria deste imposto e, así mesmo accesible aos interesados a través da "carpeta cidadá" da web do Concello.

7.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral"

8.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición

ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.”

O concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, con data 18/03/2016, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

9(339).- PROPOSTA DE PROMOCIÓN DO PROXECTO EMPRESARIAL “BLUSCUS” PARA A SÚA PRESENTACIÓN AO PROGRAMA DE INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO (ILES) DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. EXPTE. 12776/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/04/16, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

*“A Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado **“Iniciativas Locais de Emprego”** (ILES), regulado polo Decreto 9/2000, de 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia de 27 de xaneiro; corrección de erros no DOG nº 24 de 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividade económica e de emprego.*

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial “Bluscus” de actividade empresarial do sector turístico-marítimo con enderezo en Vigo, promovido e presentado por Pablo Mariño Lustres en calidade de representante, por acadar as seguintes características:

- *O proxecto empresarial **“Bluscus”** é **innovador** na área de Vigo, e consiste na organización e desenvolvemento de eventos relacionados co turismo mariñeiro en Galicia, co obxectivo de promover o turismo en xeral.*
 - *Eventos: rutas e xornadas con mariscadoras.*
 - *Gastronomía: presentación, elaboración e degustación de produtos da cociña galega.*
 - *Actividades didácticas, relacionadas co sector pesqueiro: metodoloxía relacionadas con actividades de pesca extractiva (marisqueo), talleres de pesca, visitas a fábricas conserveiras.*
 - *Actividades no mar: astroloxía, rutas pola costa,.*
 - *Actividades de navegación a bordo dun drakar vikingo, barcos, bateas e veleros.*
- *A empresa terá o seu domicilio social na r/ Subida o Castelao, 5-1º-1 e adoptará a forma xurídica de empresa individual no réxime de autónomos.*

Bluscus, ademais é o resultado da unión entre a pasión por Galicia e as ganas de promoción da terra galega a través de experiencias e eventos na costa galega.

A empresa precisa dun investimento inicial de 7.000 €, sendo a financiación recursos propios do promotor 7.150 €.

O proxecto cumpre os requisitos establecidos na regulación de ILES, en canto aos aspectos de ser viable técnica, económica e financeiramente, ademais de ser un proxecto xerador de emprego estable.

Achégase o plan de empresa do proxecto que é a súa carta de presentación que permite reflexionar sobre cada un dos pequenos detalles da posta en marcha do negocio e a súa xestión para vela viabilidade real do negocio e saber actuar para obter os obxectivos plantexados.

Tras analizarlo proxecto empresarial coa persoa emprendedora, a xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que a iniciativa empresarial descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILEs da Consellería de Economía, Emprego e Industria e que, polo tanto, pode ser beneficiaria das citadas axudas e subvencións.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Promover ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “Bluscus” promovida por [Don Pablo Mariño Lustres](#) en representación, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na procura de información e asesoramento sobre as axudas municipais vixentes e elaboración ou estudo dun informe económico de viabilidade do proxecto.*
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.*
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.*
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011).*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(340).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE BEADE, BEMBRIVE, CABRAL, LAVADORES, CANDEÁN, PEREIRÓ, TEIS E ZAMÁNS. EXPTE. 8700/255.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 06/04/16, dáse conta do informe-proposta do 30/03/16, do xefe do servizo de Medio Ambiente, conformado pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“I.- ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 24 de maio de 2013, adxudicou a Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L.), o procedemento aberto para a

contratación do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo (Expte. 8700/255).

O contrato formalizouse en documento administrativo en data do 14/06/2013.

O prazo do contrato é de tres anos contados desde o día de inicio, 16/06/2013.

O prezo para os tres anos de contrato é de 789.826,79 € (IVE 21% incluído) o que representa un prezo anual con IVE de 263.275,60 euros

A Xunta de Goberno Local en sesión do 12/12/2014, aprobou o prezo revisado do contrato para a anualidade comprendida entre o 16/06/14 a 15/06/15, en 265.750,39 euros (IVE engadido).

A Xunta de Goberno Local en sesión do 30/10/2015, aprobou a segunda revisión do prezo do contrato para a anualidade comprendida entre o 16/06/15 a 15/06/16, en 265.989,57 euros (IVE engadido).

2.- Segundo o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o contrato cómpre sinalar o seguinte:

- O prazo de execución do contrato é de tres anos (dende a data 16/06/2013) segundo o apartado 4.A) das Follas de Características do Contrato (FEC).

Prevé a posibilidade de prórroga do contrato con tres prórrogas dun ano cada unha apabeorp dp establecido no apartado 4.C) das FEC.

A cláusula 7., parágrafo terceiro, do PCAP indica:

“O presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas”.

3.- En data 1/03/2016, D. Miguel Anxo Rodríguez López en nome e representación da entidade Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. presenta escrito no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo, no que solicita teña por manifestado a vontade da súa representada de non prorrogar o contrato e achega relación do persoal adscrito ós servizos do contrato e convenio colectivo estatal de xardinería 2015-2016 publicado no BOE, martes 2/02/2016.

4.- En data 10/03/2016, o Servizo Municipal de Medio Ambiente requírelle documento acreditativo da representación de dita entidade por D. Miguel Anxo Rodríguez López.

5.- En data 10/03/2016, a través do Rexistro Electrónico achega fotocopia da escritura de apoderamento outorgada ante o notario de Valladolid, D. José Luís Prada Pérez-Moneo, en data 6 de outubro de 2009, o número 1.737 do seu protocolo.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- SOBRE A POSIBILIDADE LEGAL DA PRÓRROGA DO CONTRATO.-

a) O artigo 23.2. do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) sinala que:

“O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e que a concorrencia para a súa adxudicación fora realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.”

b) O artigo 303.1. do citado corpo legal (TRLCSP) establece determinadas especialidades respecto da duración e prórroga do contrato de servizos. Así, indica:

“1. Os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións Públicas, se ben poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, no exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente. A celebración de contratos de servizos de duración superior á sinalada poderá ser autorizada excepcionalmente polo Consello de Ministros ou polo órgano autonómico competente de forma singular, para contratos determinados, ou de forma xenérica, para certas categorías”.

c) No caso concreto que nos ocupa, cúmprese co prevenido nos artigos anteriores para a prórroga do contrato: as características do contrato permanecen inalterables e no procedemento de licitación para a súa axudicación tívose en conta o prazo de duración e a posibilidade das tres prórrogas anuais. O prego de cláusulas administrativas do contrato sinala unha duración do contrato de tres anos (16/06/2013 ata o 15/06/2016) e prevé a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha.

d) A solicitude da entidade adxudicataria do contrato, Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L., presenta no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo na data 01/03/2016 -doc. 160024471-, subsanada con outra de data 10/03/2016 -doc.160031265-, na que manifesta a vontade de non prorrogar o contrato resulta totalmente extemporánea de acordo co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) do contrato.

En efecto, a cláusula 7., parágrafo terceiro, do PCAP indica:

“O presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC (tres prórrogas dun ano cada unha), sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas”.

No presente caso, se o contratista non tiña vontade de prorrogar o contrato debeuse opoñer a esta con cinco meses de antelación á data de vencemento do contrato (15/06/2016), o que non fixo oportunamente polo que a prórroga por un ano resultaría obrigatoria para a empresa adxudicataria, debendo acordala ó órgano de contratación, de

conformidade coa normativa e PCAP que rexe o contrato anteriormente invocados, sen prexuízo de que se inicie un novo procedemento de contratación para non prorrogar unha segunda anualidade.

A citada esixencia establecida no PCAP que forma parte do contrato está xustificada, entre outras consideracións, polo procedemento establecido para a contratación, trataríase dun procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e sometido a recurso especial en materia de contratación polo que o prazo mínimo de cinco meses resulta imprescindible para cumprir coa tramitación esixida a ese procedemento, máxime existindo a posibilidade de interposición do recurso especial que pode paralizar o procedemento ata a súa resolución pola Administración estatal, e estando vinculados os servizos obxecto do contrato a un servizo público de competencia propia e obrigatoria para o Concello como son os cemiterios municipais.

Por tanto, a prórroga do contrato resultaría obrigatoria para a empresa adxudicataria.

2.- SOBRE A CONVENIENCIA DA PRÓRROGA DO CONTRATO .-

A entidade Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L.) veu prestando o servizo dende o ano 2013 e ata o que levamos do ano 2016 de forma axeitada e conforme co PPT, PCAP, oferta presentada e contrato.

A xuízo do que subscribe non se estima que o prezo en vigor da prestación do servizo poida ser máis beneficioso para o Concello ao ser preciso, cando menos, manter o nivel de prestación existente na actualidade e toda vez que:

- O convenio de referencia para calcular os custes salariais da prestación do servizo (case que a totalidade do prezo do contrato) sería o "Convenio colectivo estatal de xardinería 2015-2016", publicado no BOE, martes, 2 de febreiro de 2016, e cuxa vixencia temporal é dende o 1 de xaneiro de 2015 ata o 31 de decembro de 2015, e que incrementa levemente o salario dos oficiais xardineiros, como dos xardineiros, tanto no que se refire a salario base coma a antigüidade e outros complementos, respecto do convenio que serviu de referencia para o cálculo dos custes salariais do contrato en vigor (Convenio colectivo estatal de xardinería 2011-2013).

- Tamén, segundo especialistas do sector pode concluírse que os custes da prestación do servizo contratado non diminuíron ó corresponder case a totalidade do prezo do contrato a gastos do persoal que presta o servizo.

A xuízo do que subscribe, tendo en consideración a correcta prestación do servizo, que non se estima que o prezo en vigor da prestación poida ser significamente máis beneficioso para o Concello para o caso dunha nova licitación ao ser preciso, como mínimo, manter o nivel de prestacións existente na actualidade, estimase procedente que se prorrogue o contrato por un ano, no periodo comprendido entre o 16/06/16 e o 15/06/17.

O prezo anual aprobado do contrato é de en 265.989,57 euros (IVE 21% engadido), sendo a cota correspondente ó IVE de 46.163,48 euros, polo que para a primeira anualidade prórroga do contrato, período 16/06/16 e o 15/06/17, correspondería para o ano 2016, un importe de 144.077,68 euros e para o ano 2017, un importe de 121.911,89 euros, sen prexuízo da revisión de prezo que proceda na anualidade 2016, unha vez transcorrida outra anualidade de vixencia do contrato.

O pagamento do prezo do contrato para o ano 2016, incluída a revisión do prezo, pode efectuarse con cargo á partida orzamentaria 1640.227.99.00 “mantemento xardíns cemiterios” e a súa bolsa de vinculación.

Polo exposto, procedería acordar a prórroga do contrato.

3.- COMPETENCIA

É órgano competente para prorrogar o contrato, a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, tralo informe favorable de fiscalización da Intervención Xeral, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- aprobar a primeira prórroga anual, para o período comprendido entre o 16/06/2016 e o 15/06/2017, do contrato de servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo (expte. 8700/255), adxudicado á empresa Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L.), por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 24 de maio de 2013, formalizado en documento administrativo en data do 14/06/2013, por un importe anual de 265.989,57 euros (IVE 21% engadido), sendo a cota correspondente ó IVE de 46.163,48 euros; correspondendo para o ano 2016 un importe de 144.077,68 euros e para o ano 2017 un importe de 121.911,89 euros, sen prexuízo da revisión de prezo que procede no presente ano e que terá que aprobar, no seu caso, a Xunta de Goberno Local, con cargo á partida orzamentaria 1640.227.99.00 “mantemento xardíns cemiterios” e, no seu caso, a bolsa de vinculación sen que a utilización da bolsa de vinculación repercuta no normal funcionamento do servizo.

SEGUNDO.- Informar á entidade Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L.) que consonte os artigos 116.1, 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, contra o precedente acordo, poderán interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ó da súa notificación ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa.

No caso de interpoñer o recurso potestativo de reposición, deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo daquela os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(341).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE OS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2016. EXPTE. 2086/334.

Dáse conta do informe-proposta do 08/04/16, da técnica do SNL, conformado pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, que di o seguinte:

“Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, aprobadas polo Pleno con data 28/02/2005, faise a seguinte

PROPOSTA:

*Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2016.*

Expediente	2059-334. Actividades formativas e accións dinamizadoras do Centro de Interpretación de Oralidade de Vigo-CIOV
Decreto concelleira	data 18 de xaneiro de 2016
Informe Intervención	RC 9918
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	10.000,00 euros

Expediente	2060-334. Datas conmemorativas galegas
Decreto concelleira	data 1 de febreiro de 2016
Informe Intervención	RC 14108
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	15.000,00 euros

Expediente	2061-334. Accións dinamizadoras nos centros de ensino
Decreto concelleira	data 19 de xaneiro de 2016
Informe Intervención	RC 10207
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	10.000,00 euros

Expediente	2062-334. Obradoiros de improvisación en verso para alumnado de secundaria e certame escolar de regueifas
Decreto concelleira	data 19 de xaneiro de 2016

Informe Intervención	RC 10208
Adxudicatario	ORAL de Galicia
Importe	7.458,96 euros

Expediente	2065-334. Actividade <i>Para cantar e bailar</i> para alumnado de primaria nos centros de ensino vigueses
Decreto concelleira	data 1 de febreiro de 2016
Informe Intervención	RC 14124
Adxudicatario	Luís Prego Fernández
Importe	2.400,00 euros

Expediente	2067-334. Actividade dinamizadora da lingua de noso <i>Ludotecas lingüísticas</i>
Decreto concelleira	data 2 de marzo de 2016
Informe Intervención	RC 19902
Adxudicatario	Antaxurada (nome comercial: Xandobela)
Importe	1.980,00 euros

Expediente	2069-334. Programa de formación en ferramentas de dinamización lingüística
Decreto concelleira	data 2 de marzo de 2016
Informe Intervención	RC 19903
Adxudicatario	Fabaloba, S.C.
Importe	2.057,00 euros

Expediente	2070-334. <i>Camión da lingua</i> , actividade dinamizadora do galego
Decreto concelleira	data 4 de marzo de 2016
Informe Intervención	RC 20552
Adxudicatario	Mekané Didáctica
Importe	2.006,00 euros

Expediente	2072-334. Actividade de dinamización lingüística <i>Biblioteca vivente</i>
Decreto concelleira	data 4 de marzo de 2016
Informe Intervención	RC 20325
Adxudicatario	Antaxurada, S.L.U. (nome comercial: Xandobela)
Importe	3.850,00 euros

Expediente	2076-334. Programa <i>Vigo literario</i> de dinamización da lingua de noso
Decreto concelleira	data 31 de marzo de 2016
Informe Intervención	RC 26291

Adxudicatario	Varias empresas
Importe	5.000,00 euros

A Xunta de Goberno Local queda informada.

12(342).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO E OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 250/242.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23/03/16, do xefe do servizo de Patrimonio, conformado pola xefa de área de Xestión Patrimonial e Territorial e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“PRIMEIRO.- O Concello de Vigo, por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 13 DE XUÑO DO 2014, adxudicou a mercantil MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS CIA.SEGUROS Y REASEGUROS SA o procedemento aberto para a contratación da póliza de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos, consonte co prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobado pola Xunta de Goberno local o 27 de marzo do 2014 e a oferta presentada.

Dito contrato formalizouse en documento administrativo en data 2 de xullo do 2014, sinalando que o prazo do contrato será de dous anos, dende as 00.00 horas do día 2 de xullo de 2014 ata as 24.00 horas do día 1 de xullo de 2016.

SEGUNDO.- Centrado o obxecto do presente informe na viabilidade da prórroga do prazo polo que foi outorgado o contrato cabe sinalar, que o prego de cláusulas administrativas polo que se rixe, establece na súa Clausula 7. Prazo de execución, que “O presente contrato poderá ser obxecto de dúas prorrogas por un periodo dun ano de duración cada unha, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. Calquera das partes poderá opoñerse comunicando a outra por escrito cunha antelación mínima de 6 meses o vencemento do periodo en curso.” (apartado 2ª)

TERCEIRO.- O prego de condicións, como documento administrativo que fixa os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumen as partes no contrato, é “lex contractus” entre éstas, a que quedan vencelladas para o seu cumprimento nos propios termos.

A teor do establecido no devandito prego e no contrato asinado, este na actualidade atópase aínda vixente e próximo ao seu vencemento polo transcurso do prazo concertado, se ben, tal e como quedou dito anteriormente, prevese a posibilidade da súa prórroga por dúas anualidades máis, debendo mediar acordo expreso desta administración.

A ditos efectos solicitouse informe da oficina de responsabilidade patrimonial sobre a conformidade na prestación da cobertura pola aseguradora en relación aos expedientes de responsabilidade patrimonial tramitados durante o prazo contractual, sinalandose por esta o pasado día 18 de marzo que non ten observado incidencia salientable algunha respecto ao cumprimento das obrigas asumidas na póliza en canto ao que afecta ao pagamento das cantidades derivadas dos expedientes de responsabilidade patrimonial desta Administración, nin en canto á valoración de danos materiais en vehículos de terceiros.

Conseqüentemente, resulta viable xurídicamente a prorroga do contrato, ao non terse formulada oposición algunha a dita prorroga pola aseguradora no prazo contractual referido e, por outra banda, estimarse que a prestación do contrato vense realizando satisfactoriamente por parte da aseguradora, requirindo a súa concesión, acordo expreso do órgano de contratación.

CUARTO.- Resulta competente para a adopción do acordo de prorroga do contrato, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na DA 2ª do TR da Lei de Contratos do Sector Público (RDL 3/2011 do 14 de novembro), en materia de contratación das Entidades Locais.

Por todo o que antecede propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe favorable da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

UNICO.- Autorizar a prórroga, por unha anualidade, do contrato de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus Organismos Autonomos, concertado coa sociedade MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS CIA.SEGUROS Y REASEGUROS SA , de conformidade e nos termos previstos na clausula 7 do Prego de Cláusulas Administrativas aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local ó 27.03.2014.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(343).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR POLA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2016. EXPTE. 48030/212.

Dáse conta do informe-proposta do 11/04/16, do intendente da Policía Local, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

“En cumprimento do disposto na base 31ª das do orzamento vixente, achégase a relación de contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao primeiro trimestre do ano 2016 (xaneiro, febreiro e marzo), para a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, según anexo.

ANEXO

RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2016 (XANEIRO, FEBREIRO E MARZO):

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe/€
46608-212	13202279904	SER	Apoio xurídica á Policía Local	Carlos Borrás Díaz de Rábago	30/01/16	5/2/16	7.260,00
46550-212	13202260100	SER	Atencións protocolarias	-	26/1/16	3/2/16	5.000,00
46551-212	13202260100	SUB	Atencións protocolarias	-	27/1/16	3/2/16	5.000,00
46537-212	13202200101	SUB	Material didáctico educación vial	-	26/1/16	3/2/16	3.000,00

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adjudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe/€
46524-212	13202200100	SUB	Libros, publicacións	-	18/1/16	27/1/16	500,00
46515-212	13202279900	SER	Mantemento preventivo etilómetros e drugtest	Drager Safety Hispania	18/1/16	27/1/16	3.222,57
46621-212	13202200201	SUB	Material informático non inventariable	-	30/1/16	5/2/16	1.000,00
46617-212	13202200000	SUB	Material oficina non inventariable	-	30/1/16	5/2/16	1.000,00
46841-212	13202140000	SER	Reparación e mantemento medios locomoción	-	17/2/16	23/2/16	6.000,00
46840-212	13202120000	OBRA	Ampliación e reforma vestiarios masculinos e femeninos	Silvino Figueiredo e Hijos sl, e outros	17/2/16	23/2/16	41.205,59
46492-212	13202219900	SUB	Material diverso operatividade	-	18/1/16	27/1/16	18.000,00
46842-212	13202190000	SER	Reparación e mantemento outro inmovilizado	-	19/2/16	26/2/16	9.000,00
46287-212	13202279911	SER	Outras prestacións de transportes	-	22/12/15	30/12/15	2.000,00
46620-212	13202240000	SER	Seguro colectivo PIT Castro	Mapfre Vida SA	30/1/16	5/2/16	2.410,63
46615-212	13202210400	SUB	Vestuario e outras prendas	-	30/1/16	5/2/16	3.000,00
47087-212	13202211000	SUB	Produtos de limpeza e aseo	-	11/3/16	16/3/16	300,00
46521-212	13202130000	SER	Reparación e mantemento material diverso	-	18/1/16	27/1/16	6.000,00
46843-212	13202150000	SER	Reparación e mantemento mobiliario	-	23/2/16	29/2/16	1.000,00
46510-212	13202120000	SUB	Reparación e mantemento outras construcións	-	18/1/16	27/1/16	10.000,00
46632-212	13202270602	SER	Recollida, transporte e análises mostras saliva	Drager Safety Hispania	4/2/16	12/2/16	21.753,86
46695-212	13202270602	SER	Tradutores toma declaración extranxeiros	-	8/2/16	12/2/16	2.000,00
47027-212	13202279903	SER	Abono imposot vehículos tracción mecánica	J. Fumega SL	15/3/16	17/3/16	280,71
46581-212	13202279903	SER	Xestión administrativa verificación aparellos de medida	Gestoría Rodal SL	30/1/16	5/2/16	9.000,00
46616-212	13202330000	SER	Curso coordinación P.	Mª Carmen Sierra Queimadelos e	22/2/16	29/2/16	960,00

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adjudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe/€
			Local / 061	outros			
46883-212	13202279910	SER	Curso coordinación P. Local / 061	Juan Antonio Peteira Rodríguez e outro	23/2/16	29/2/16	960,00
46672-212	13202330000	SER	Curso actuación conxunta có SEIS	Rafael Moledo Alonso	28/1/16	15/2/16	1.080,00
46576-212	13202330000	SER	Curso ámbito penal da Seguridade Viaria	Carlos Gil García	28/1/16	15/2/16	840,00
47458-212	13202279910	SER	Curso soporte vital básico	Fundación Pública Urxencias Sanitarias Galicia	23/3/16	29/3/16	110,00

A Xunta de Goberno Local queda informada.

14(344).- EXECUCIÓN DAS PREVISIÓNS DA DISPOSICIÓN ADICIONAL DUODÉCIMA DA LPXE 2016 SOBRE DEVOLUCIÓN DE 91 DÍAS DEVENGADOS DA PAGA EXTRAORDINARIA CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2012. EXPTE. 27828/220.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a fiscalización de conformidade do 12/04/16, dáse conta do informe-proposta do 11/04/16 da técnica de Admon. Xeral de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES

I.- En data 16/03/2016, a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal ordenou a incoación de expediente administrativo tendente a someter á Xunta de Goberno Local unha proposta de abono da parte devengada da paga extraordinaria de decembro do 2012, nos termos do marco legal vixente segundo o contemplado na Disposición Adicional Duodécima da Lei 48/2015, do 24 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 (BOE nº 260, do 30/10/2015), indicando a máxima prioridade da tramitación indicada aos efectos de materializarse nas nóminas municipais correspondentes aos meses de abril e outubro de 2016, sempre que resulte legal e técnicamente posible, e nos termos do preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita.

II.- En data 17/03/2016, a Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación solicita a emisión de informe técnico en relación coa existencia de crédito suficiente no Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais para 2016 para o cumprimento das obrigas legais contidas na Disposición Adicional Duodécima da Lei 48/2015, do 24 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, en canto á restitución da restante parte devengada da paga extraordinaria correspondente ao mes de decembro do 2012, concretada en 91 días ou parte proporcional equivalente.

III.- En data 31/03/2016 emítese informe técnico, no cal literalmente se indica que:

"En relación co informe técnico solicitado referente ao expediente 27828-220, en canto a existencia de crédito suficiente no Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais para 2016 para o cumprimento das obrigas legais contidas na Disposición Adicional Duodécima da Lei 48/2015, do 24 de ou-

tubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, en canto á restitución da restante parte devengada da paga extraordinaria correspondente ao mes de decembro do 2012, concretada en 91 días ou parte proporcional equivalente

Informase:

O artigo 2 do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, estableceu que no ano 2012 o persoal do sector Tería reducida as súas retribucións na contía que correspondía percibir no mes de decembro como consecuencia da supresión tanto da paga extraordinaria como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do devandito mes.

Ao abeiro no disposto na Disposición Adicional décima segunda da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, na que se establece que cada Administración Pública poderá aprobar o abono de cantidades en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012, así como no disposto no artigo 1, apartado un do Real Decreto-Lei 10/2015, do 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía, no ano 2015 procedeu ao aboamento do 50.27% da paga extra referida, realizáronse dous pagos, un polo 24.04 % e correspondente a 44 días e o segundo polo 26.23 %, correspondente a 48 días (Expte 26843-220 aprobado pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 17/04/2015 e expte 27096-220, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/10/2015)

Na Disposición adicional duodécima da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 estipúlase que:

Cada Administración Pública poderá aprobar dentro do exercicio 2016, e por unha soa vez, unha retribución de carácter extraordinario cuxo importe será o equivalente ás cantidades aínda non recuperadas de impórteles efectivamente deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012, por aplicación do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, co alcance e límites establecidos na presente disposición

As cantidades a aboar serán as equivalentes á parte proporcional correspondente a 91 días da paga extraordinaria, paga adicional de complemento específico e pagas adicionais do mes de decembro (equivalente ao 49,73 por cento do importe deixado de percibir)

O importe total aproximado da contía necesaria para afrontar o aboamento de cantidades correspondentes a 91 días (49.73%) dos importes deixados de percibir da paga extraordinaria do mes de decembro do 2012, ascendería a cantidade estimada máxima de 1.500.000,00 €, cálculo baseado nos importes aboados no ano 2015 polo mesmo concepto e estimando os importes correspondentes ao persoal integrado dos extintos Organismos autónomos, segundo acordo do Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 26/10/2015 no que se aprobou a "Modificación da modalidade na xestión directa dos servizos públicos de educación (Escola Municipal de Artes e Oficios), Ocio e Tempo Libre (Parques da sCiencias Vigozoo) e Deportes (Instituto Municipal dos deportes) Expte 1396-110,.

O aboamento de ditas cantidades non suporá incremento do capítulo I de gastos, toda vez os créditos terán o seu orixe nos créditos non consumidos das prazas vacantes existentes no cadro de persoal e que non esten incluídas nas Ofertas de Emprego pendentes de executar.

A dito importe deberá engadirse o correspondente aos custos de Seguridade Social, cantidade que se estima ao redor de 400.000,00 €."

IV. Con data 06/04/2016 a técnica de administración xeral, co conforme da xefa da Área de

Recursos Humanos e Formación asinan o informe xurídico-proposta de acordo á Xunta de Goberno Local, co coforme do concelleiro delegado da Área de Réxime interior e Persoal, que ordena a remisión do expediente á Intervención Xeral para a preceptiva fiscalización previa á súa remisión á Xunta de Goberno Local. Dita proposta contén o seguinte tenor literal:

“Primeiro.- Acordar, ao abeiro do apartado primeiro da Disposición Adicional Duodécima da Lei 48/2015, do 24 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 (BOE nº 260, do 30/10/2015), o aboamento, por unha soa vez, da parte restante devengada correspondente a 91 días ou ao equivalente do 49,73% dos importes deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012, de conformidade co establecido no informe técnico de data 31/03/2016 e informe-proposta que anteceden, aos efectos de materializarse nas nóminas municipais correspondentes aos meses de abril e outubro de 2016, sempre que resulte legal e técnicamente posible, e nos termos e condicións, contido e alcance do establecido no preceptivo informe de fiscalización, ascendendo o importe total aproximado a 1.500.000 €, xunto cos custes de Seguridade Social indicados no informe técnico.

Segundo.- Dispoñer que a adopción do presente acordo de aboamento conleva inexcusablemente a execución daquelas sentenzas xudiciais firmes con fallo condenatorio ao Concello de Vigo ao aboamento dos devengos retributivos xenerados no concepto indicado, a salvo dos incidentes de execución que poidan presentar as partes litigantes en exercicio dos seus lexítimos dereitos, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

Terceiro.- Acordar que dito aboamento, efectuarase en favor dos empregados/as públicos municipais en activo no Concello de Vigo, así como en favor daquelas persoas titulares de dereitos á percepción dos devengos retributivos en tal concepto (persoal xubilado que así o solicítase; titulares de dereitos de sucesión hereditaria que así o acrediten e o solicítasen; persoas que tivesen a condición de empregados/as públicos do Concello de Vigo na data na cal debería terse percibido a paga e que así o solicítasen) conforme establecen a Instrución da Intervención Xeral Municipal de data 23/03/2015 e a normativa de concordante aplicación, considerándose, a tal efecto, as solicitudes existentes achegadas por escrito no Rexistro xeral do Concello de Vigo na data de adopción do presente acordo.

Cuarto.- Instar á Xerencia Municipal de Urbanismo á realización da tramitación administrativa necesaria para o cumprimento efectivo do previsto na Disposición Adicional Duodécima da Lei 48/2015, do 24 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 (BOE nº 260, do 30/10/2015)”.

V. Con data 08/04/2016 o Interventor xeral municipal informa favorablemente a proposta, concluíndo o seguinte:

“Primeira.- A disposición adicional duodécima da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016, atribúe ao Concello de Vigo a potestade de aprobar o aboamento dunha retribución de carácter extraordinario cuxo importe será o equivalente a 91 días ou ao 49,73 por cento do importe deixado de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012, co alcance e límites establecidos no citado precepto.

Segunda.- A situación económico financeira no presente ano do Concello de Vigo permite a adopción do citado acordo xa que a súa execución non suporía o quebrantamento dos obxectivos de estabilidade presupostaria e regra de gasto, nin aumento cuantitativo do orzamento, o ser de imputación o capítulo I do Estado de gastos, cuxos créditos terán a súa orixe nas prazas vacantes non cubertas e con dotación orzamentaria. Neste sentido, nos informes técnicos do servizo de recursos humanos obrantes no expediente faise constar que o importe total aproximado da contía necesaria para afrontar o aboamento das cantidades correspondentes ao 49,73% dos importes deixados de percibir da paga extraordinaria do mes de decembro do 2012, ascendería a cantidade de 1.500.000 €, máis os custos de Seguridade Social, cantidade que se estima ao redor de 400.000,00 €.

Terceira.- O acordo que se adopte terá que producirse dentro do ano 2016.

Cuarta.- A competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, polo que a proposta fórmulase ao órgano competente.

Quinta.- O importe retributivo procederá imputalo, aos efectos de retencións a conta do IRPF, ao período impositivo 2016, período no que nace a súa esixibilidade polos perceptores, pois a mesma xorde coa propia regulación (a Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016) que establece a súa percepción.

Sexto.- A proposta formulada prevé a materialización do acordo nas nóminas de abril e outubro de 2016, se ben non concreta as porcentaxes ou importes que corresponden aos custos desagregados para cada un dos meses citados, polo que debe facerse a observación cautelara en canto o consignación orzamentaria existente para facer fronte a estas obrigas.

Tendo en conta o disposto con anterioridade, esta Intervención informa favorablemente a proposta formulada pola Sra. xefa de Recursos Humanos do Concello de Vigo con data 6/04/2016, e conformada polo sr. Concelleiro delegado de Xestión Municipal, contida no expediente 27,828-220 ao ser conforme co disposto na disposición adicional duodécima da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016, se ben entendo que deberá procederse a cuantificar os importes, cando menos, de forma aproximada, que se incluírán en cada unha das nóminas nas que se materializará o acordo adoptado.

Polas características e o sistema de financiación dos gastos xerados como consecuencia da aprobación do presente expediente, entendo que debería incorporarse ao mesmo, con carácter previo á súa aprobación, un informe do titular da Dirección superior contable e orzamentación (Tesoureiro) sobre a consignación orzamentaria e imputación contable."

VI. Con data 08/04/2016, remítise o expediente á Tesourería Municipal polas características e o sistema de financiación dos gastos xerados como consecuencia da aprobación do presente expediente e, dacordo co preceptivo informe de fiscalización emitido polo Interventor Xeral en data 08/04/2016, solicitando a emisión de informe sobre a consignación orzamentaria e imputación contable.

VII. Con data 11/04/2016 o responsable da Dirección superior contable e orzamentación emite o informe orzamentario sobre a imputación de gastos concluíndo que: "...pódese continuar coa tramitación do expediente, debendo incorporar á proposta, as porcentaxes a aplicar a cada unha das pagas parciais e o mes no que se tramitarán, todo elo aos efectos de planificación das tarefas e de garantir que as vacantes teñen dispoñibilidade suficiente para afrontar o gasto en cada un dos períodos que se propón a execución do gasto."

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada,

procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Recuperación da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012 :

A Disposición Adicional Duodécima da Lei 48/2015, do 24 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, en canto á restitución da restante parte devengada da paga extraordinaria correspondente ao mes de decembro do 2012, concretada en 91 días ou parte proporcional equivalente, dispón o seguinte:

“Uno. Recuperación de la paga extraordinaria y adicional del mes de diciembre de 2012 del personal del sector público.

1. Cada Administración Pública, en su ámbito, podrá aprobar dentro del ejercicio 2016, y por una sola vez, una retribución de carácter extraordinario cuyo importe será el equivalente a las cantidades aún no recuperadas de los importes efectivamente dejados de percibir como consecuencia de la supresión de la paga extraordinaria, así como de la paga adicional de complemento específico o pagas adicionales equivalentes, correspondientes al mes de diciembre de 2012, por aplicación del [Real Decreto-ley 20/2012, de 13 de julio \(LA LEY 12543/2012\)](#), de medidas para garantizar la estabilidad presupuestaria y de fomento de la competitividad, con el alcance y límites establecidos en la presente disposición.

2. Las cantidades que, en cumplimiento de esta disposición adicional, podrán abonarse por este concepto, sobre el importe dejado de percibir por cada empleado en aplicación del [artículo 2 del Real Decreto-ley 20/2012 \(LA LEY 12543/2012\)](#), serán las equivalentes a la parte proporcional correspondiente a 91 días de la paga extraordinaria, paga adicional de complemento específico y pagas adicionales del mes de diciembre. En aquellos casos en los que no hubiera procedido el reconocimiento de la totalidad de la paga extraordinaria y adicional de diciembre de 2012, los 91 días se reducirán proporcionalmente al cómputo de días que hubiera correspondido.

A los efectos previstos en el párrafo anterior, el cómputo de la parte de la paga extraordinaria y pagas adicionales que corresponde a 91 días, o cifra inferior, se realizará, en el caso del personal funcionario o estatutario, conforme a las normas de función pública aplicables en cada Administración, o, en el caso del personal laboral, a las normas laborales y convencionales, vigentes en el momento en que se dejaron de percibir dichas pagas.

Las cantidades que se reconozcan por este concepto al personal a que se refiere el apartado 5 del [artículo 2 del Real Decreto-ley 20/2012 \(LA LEY 12543/2012\)](#), por no contemplarse en su régimen retributivo la percepción de pagas extraordinarias o por percibir más de dos al año, serán las equivalentes a un 49,73 por ciento del importe dejado de percibir por aplicación del mencionado precepto.

Las cantidades a abonar se minorarán en las cuantías que se hubieran satisfecho por estos mismos conceptos y periodos de tiempo como consecuencia de sentencia judicial u otras actuaciones.

3. Cada Administración Pública podrá aprobar durante 2016 las medidas previstas en este artículo, teniendo en cuenta su situación económico-financiera.

En el supuesto de que en aplicación de este precepto fuera más de una Administración a la que le correspondiera efectuar el abono de este tramo de paga extraordinaria, paga adicional de complemento específico y pagas adicionales del mes de diciembre de 2012, cada Administración podrá abonar, como máximo, la parte proporcional de este tramo que le hubiera correspondido hacer efectiva en diciembre de 2012.

4. Las cuantías satisfechas por aplicación de lo establecido en esta disposición minorarán el alcance de las previsiones contenidas en el apartado 4 del [artículo 2 del Real Decreto-ley 20/2012 \(LA LEY 12543/2012\)](#).”

No seu apartado Dous, a Disposición Adicional Duodécima contempla o procedemento de aplicación no ámbito do sector público estatal, indicando que:

“Dos. Recuperación de la paga extraordinaria y adicional del mes de diciembre de 2012 del personal del sector público estatal.

1. El personal del sector público estatal definido en las letras a), d) y e) del apartado Uno del [artículo 22 de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2012 \(LA LEY 11690/2012\)](#), así como el personal de las sociedades, entidades y resto de organismos de los apartados f) y g) de dicho precepto que pertenezcan al sector público estatal, percibirá las cantidades previstas en el apartado Uno.2 de esta disposición.

2. La recuperación de la paga extraordinaria y pagas adicionales a que se refiere el número anterior se efectuará con arreglo a las siguientes reglas:

- a) El personal incluido en los puntos 1 y 2 del [artículo 3 del Real Decreto-ley 20/2012 \(LA LEY 12543/2012\)](#) percibirá la parte proporcional correspondiente a 91 días de la paga extraordinaria y pagas adicionales o equivalentes del mes de diciembre de 2012 que fueron suprimidas. En aquellos casos en los que no hubiera procedido el reconocimiento de la totalidad de la paga extraordinaria y pagas adicionales o equivalentes del mes de diciembre de 2012 que fueron suprimidas, los 91 días se reducirán proporcionalmente al cómputo de días que hubiera correspondido.
A los efectos previstos en el párrafo anterior, para el cálculo de las cantidades correspondientes a los 91 días, en relación con el número de días totales que comprenden la paga extraordinaria y pagas adicionales o equivalentes del mes de diciembre de 2012 que fueron suprimidas, se utilizarán las reglas de cómputo aplicables a cada tipo de personal de acuerdo con su régimen jurídico en vigor en el momento en que se produjo la supresión.
Siempre que la normativa aplicable no disponga otra cosa, el número de días totales a que se hace referencia en el párrafo anterior será de 183.
- b) Sin perjuicio de lo dispuesto en el [artículo 519 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial \(LA LEY 1694/1985\)](#), el personal incluido en los puntos 3, 3 bis, 3 ter y 4 del [artículo 3 del Real Decreto-ley 20/2012 \(LA LEY 12543/2012\)](#), percibirá un 49,73 por ciento de los importes dejados de percibir por aplicación de dichos preceptos.
- c) Lo previsto en la letra a) será de aplicación a los Secretarios de Estado, Subsecretarios, Directores Generales y asimilados, así como a los Consejeros Permanentes y Secretario General del Consejo de Estado, en los mismos términos que al personal funcionario.
Al personal a que se refiere el [artículo 24.Tres de la Ley 2/2012 \(LA LEY 11690/2012\)](#) se le aplicará igualmente lo previsto en la letra a). En caso de no haber tenido derecho a la percepción de paga extraordinaria, percibirán un 49,73 por ciento del importe dejado de percibir por aplicación del [artículo 4 del Real Decreto-ley 20/2012 \(LA LEY 12543/2012\)](#).
- d) Los Altos Cargos incluidos en los puntos 1 y 3 del [artículo 4 del Real Decreto-ley 20/2012 \(LA LEY 12543/2012\)](#) percibirán un 49,73 por ciento del importe dejado de percibir por aplicación del [artículo 4 del Real Decreto-ley 20/2012 \(LA LEY 12543/2012\)](#).
- e) Al personal que, sin haber variado la naturaleza jurídica de su relación de servicios con la Administración del Estado, hubiera cambiado de destino dentro de la misma, las cantidades a que se refiere el presente apartado le serán abonadas por el ministerio, organismo o entidad en la que se encuentre prestando servicios en la fecha de entrada en vigor de la presente Ley, previa petición dirigida al órgano de gestión de personal acompañada de certificación de la habilitación de origen de los conceptos e importes efectivamente dejados de percibir como consecuencia de la supresión de la paga extraordinaria, así como de la paga adicional de complemento específico o pagas adicionales equivalentes, correspondientes al mes de diciembre de 2012. En el supuesto de que dicha certificación ya hubiese sido presentada anteriormente, no será necesario presentar nuevamente la misma.
Al personal que hubiera pasado a prestar servicios en una Administración Pública distinta, las cantidades a que se refiere el presente apartado le serán abonadas por el ministerio, organis-

mo o entidade al que hubiera correspondido abonar la paga extraordinaria, previa petición dirigida al órgano de gestión de personal.

Al personal que no se encontrara en situación de servicio activo o asimilada en la fecha de entrada en vigor de esta Ley o que hubiera perdido la condición de empleado público, las cantidades a que se refiere la presente disposición le serán abonadas por el ministerio, organismo o entidad al que hubiera correspondido abonar la paga extraordinaria, previa petición dirigida al órgano de gestión de personal, acompañada de certificación de la habilitación de origen de los importes efectivamente dejados de percibir como consecuencia de la supresión de la paga extraordinaria así como de la paga adicional de complemento específico o pagas adicionales equivalentes correspondientes al mes de diciembre de 2012.

En caso de que el personal de que se trate hubiera fallecido a la entrada en vigor de la presente disposición, la petición a que se refiere el párrafo anterior deberá formularse por sus herederos conforme a Derecho civil.

- f) Lo previsto en los apartados anteriores será de aplicación, asimismo, al personal de las fundaciones del sector público estatal, de los consorcios participados mayoritariamente por la Administración General del Estado o por los organismos o entidades dependientes de la misma, así como al del Banco de España y al personal directivo y resto de personal de las mutuas de accidentes de trabajo y enfermedades profesionales de la Seguridad Social y de sus entidades y centros mancomunados.

Tres. Aplicación del [artículo 24 de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública \(LA LEY 1913/1984\)](#). Se suspende y deja sin efecto la aplicación del [artículo 24 de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública \(LA LEY 1913/1984\)](#), en lo que resulte estrictamente necesario para la aplicación de la presente disposición.

Cuatro. Los apartados Uno y Tres de la presente disposición tienen carácter básico y se dictan al amparo de los [artículos 149.1.18.^a \(LA LEY 2500/1978\)](#), [149.1.13.^a \(LA LEY 2500/1978\)](#) y [156.1 de la Constitución \(LA LEY 2500/1978\)](#).”

Cómpre indicar que, consonte ao establecido neste último apartado Catro, os apartados Un e Tres teñen carácter básico e foron dictados ao abeiro dos [artigos 149.1.18.^a](#), [149.1.13.^a](#) e [156.1 da Constitución](#).

II.- Aos efectos da adopción do correspondente acordo polo órgano municipal competente e, de conformidade co disposto na Instrución da Intervención xeral emitida en data 23/03/2015 e nos informes que constan nos antecedentes, debe indicarse o seguinte:

–O importe total aproximado da contía necesaria para afrontar o aboamento de cantidades correspondentes a 91 días ou ao equivalente do 49,73% dos importes deixados de percibir da paga extraordinaria do mes de decembro do 2012, ascendería á cantidade estimada máxima de 1.500.000,00 €, cálculo baseado, segundo consta no informe técnico transcrito nos antecedentes, nos importes aboados no ano 2015 polo mesmo concepto e estimando os importes correspondentes ao persoal integrado dos extintos Organismos autónomos, segundo acordo do Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 26/10/2015 no que se aprobou a “Modificación da modalidade na xestión directa dos servizos públicos de educación (Escola Municipal de Artes e Oficios), Ocio e Tempo Libre (Parques das Ciencias Vigozoo) e Deportes (Instituto Municipal dos deportes) Expte.1396-110.

–O aboamento de ditas cantidades non suporá incremento do capítulo I de gastos, toda vez os créditos terán a súa orixe nos créditos non consumidos das prazas vacantes existentes no cadro de persoal e que non estean incluídas nas Ofertas de Emprego pendentas de executar. A imputación orzamentaria do gasto farase con cargo ás aplicacións orzamentarias reflectidas no informe orzamentario sobre a imputación de gastos de data 11/04/2016 (aplicacións 9200.1400000, 9200.1500000 e 9200.1510000).

–Os custos en concepto de Seguridade Social derivados do aboamento de dita porcentaxe estímase que ascenden a un total de 400.000,00 €

–O cálculo debe efectuarse tendo en conta á totalidade dos efectivos con dereito á percepción da mesma naquela data (decembro do ano 2012) incluíndo aos efectivos xubilados e a aqueles titulares de dereitos correspondentes a efectivos falecidos, na súa condición de herdeiros e persoas que tivesen a condición de empregados/as públicos do Concello de Vigo na data na cal debería terse percibido a paga, previa solicitude ao efecto que se achegue no Rexistro Xeral do Concello.

- Naqueles casos nos que non se tivese procedido ao recoñecemento da totalidade da paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012, os 91 días se reducirán proporcionalmente ao cómputo de días que correspondesen.

–A adopción de acordo de aboamento por parte do órgano municipal competente (Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril) conleva a execución daquelas sentenzas xudiciais firmes con fallo condenatorio ao Concello de Vigo ao aboamento dos devengos retributivos xenerados no concepto indicado, a salvo dos incidentes de execución que poidan presentar as partes litigantes en exercicio dos seus lexítimos dereitos segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

– A acreditación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como o respecto á regra de gasto, resultou acreditado pola Intervención Xeral Municipal no preceptivo informe de fiscalización emitido en data 08/04/2016, indicando que a situación económico financeira no presente ano do Concello de Vigo permite a adopción do citado acordo xa que a súa execución non suporía o quebrantamento dos obxectivos de estabilidade presupostaria e regra de gasto, nin aumento cuantitativo do orzamento, o ser de imputación o capítulo I do Estado de gastos, cuxos créditos terán a súa orixe nas prazas vacantes non cubertas e con dotación orzamentaria.

Xa que logo e, en atención ao exposto, non se observan impedimentos legais no presente expediente para a súa aprobación. En consecuencia, e en cumprimento da legalidade vixente, por parte deste Servizo infórmase favorablemente o aboamento do concepto retributivo indicado.

IV.- De conformidade co réxime de atribucións contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e concretamente coa atribución para a aprobación das retribucións do persoal municipal e para a xestión económica do mesmo, recollida no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Acordar, de conformidade cos informes que constan no expediente e, ao abeiro do apartado primeiro da Disposición Adicional Duodécima da Lei 48/2015, do 24 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 (BOE nº 260, do 30/10/2015), o aboamento, por una sola vez, da parte restante devengada correspondente a 91 días ou ao equivalente do 49,73% dos importes deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012, de conformidade co establecido no informe técnico de data 31/03/2016 e do informe xurídico-proposta de acordo que anteceden, aos efectos de materializarse nas nóminas municipais correspondentes aos meses de abril (24,04%, correspondente a 44 días) e setembro-outubro (25,69%, para os 47 días restantes) de 2016, sempre que resulte legal e técnicamente posible, e nos termos e condicións, contido e alcance do establecido nos informes de fiscalización previa da Intervención xeral municipal e do informe orzamentario sobre a imputación de gastos do 11/04/2016, ascendendo o importe total aproximado a 1.500.000 €, xunto cos custes de Seguridade Social.

Segundo.- Dispoñer que a adopción do presente acordo de aboamento conleva inexcusablemente a execución daquelas sentenzas xudiciais firmes con fallo condenatorio ao Concello de Vigo ao aboamento dos devengos retributivos xenerados no concepto indicado, a salvo dos incidentes de execución que poidan presentar as partes litigantes en exercicio dos seus lexítimos dereitos, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

Terceiro.- Acordar que dito aboamento, efectuarase en favor dos empregados/as públicos municipais en activo no Concello de Vigo, así como en favor daquelas persoas titulares de dereitos á percepción dos devengos retributivos en tal concepto (persoal xubilado que así o solicitase; titulares de dereitos de sucesión hereditaria que así o acrediten e o soliciten; persoas que tivesen a condición de empregados/as públicos do Concello de Vigo na data na cal debería terse percibido a paga e que así o soliciten) conforme establecen a Instrución da Intervención Xeral Municipal de data 23/03/2015 e a normativa de concordante aplicación, considerándose, a tal efecto, as solicitudes existentes achegadas por escrito no Rexistro xeral do Concello de Vigo na data de adopción do presente acordo.

Cuarto.- Instar á Xerencia Municipal de Urbanismo á realización da tramitación administrativa necesaria para o cumprimento efectivo do previsto na Disposición Adicional Duodécima da Lei 48/2015, do 24 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 (BOE nº 260, do 30/10/2015).

Quinto.- O presente acordo notifíquese á Intervención Xeral Municipal, Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, xefatura do Negociado de Seguridade Social do Servizo de Recursos Humanos e Comité de Persoal, para coñecemento e efectos.

Sexto.- Dispoñer a inserción e difusión do presente acordo na Intranet municipal para público coñecemento do persoal municipal”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(345).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVICIOS CORRESPONDENTE AOS MESES DE OUTUBRO DE 2015 E FEBREIRO DE 2016. EXPTE. 27880/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12/04/16, dáse conta do informe-proposta do 11/04/16, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

"Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

Recíbense no Servizo de Recursos Humanos os documentos que a continuación se relacionan, nos que as xefaturas dos distintos servizos, co conforme do concelleiro/a delegado/a da área correspondente, relacionan o persoal que realizou exceso de xornada nos meses de Outubro-2015 e Febreiro-2016 (Polícia Local, Extinción Incendios, Ospio, Seguridade e Mobilidade, Inspección Vías e Obras, Vías e Obras, Parque Central, Parque Móbil e Limpeza).

Nos documentos remitidos indícase nome, número de persoal , servizo ao que esta adscrito o empregado municipal, data de realización do exceso de xornada, intervalo horario, lugar e motivo e número de horas en exceso realizadas. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas.

Así mesmo, todo o exceso de xornada remitido, conta coa resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.

Nas devanditas Resolucións, no seu punto II, se indica que:

"Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do numero de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora

do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, estas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei vixente.”

Nas relacións correspondentes ao Servizo da Policía Local e servizo de Extinción de Incendios, polas súas especiais características, non se esixe a autorización previa. No caso do Servizo da Policía Local, amais do exceso de xornada realizado remítense os listados correspondentes a asistencia a xulgados do persoal do servizo.

Inclúense no expediente relacións cuantificadas das horas de asistencia a xulgado, prolongación de xornada laboral e, nocturnidade e festividade por cuadrante, figurando as datas, motivo e nº de horas do exceso de xornada realizado persoal do Servizo da Policía Local.

Nas relacións do persoal que forman parte do expediente 27880-220 e que se corresponden cos documentos sinalados anteriormente figuran o servizo ao que están adscritos os empregados municipais, nome e apelido, número de persoal, posto, data, intervalo horario, lugar e motivo do exceso de xornada.

Pola Tesourería Municipal liquidáronse as cantidades que corresponden e que ascenden a un total de 25.474,85 €, con arreglo o previsto na disposición transitoria 6ª.3ª do Acordo regulador e as directrices contidas no antecedente da presente resolución, para a súa posterior inclusión na nómina de cada un dos interesados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas relacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Alcaldía (Condutores)	Febreiro-2016	152,00	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontán Balbuena, Camilo
Policía Local	Febreiro-2016	532,20	Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo
Extinción de Incendios	Febreiro-2016	1.315,00	De Abreu Torres, Joaquín a Villar Gutierrez, Alberto
Ospio	Outubro-2015	64,00	De Ferro Mancho, Ángel a Vázquez Rial, Ramón

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Seguridade e Movilidade	Outubro-2015	32,00	De Roca Dafonte, José Manuel a Bacelos González, José a
Inspección Vías e Obras	Outubro-2015	32,00	De Matilde Viñas, J.Eugenio a Villar Estévez, Raimundo
Vías e Obras	Outubro-2015	135,00	De Amoedo Cabaleiro, Jose L. a Rodríguez Rocha, Rodrigo
	Outubro-2015	60,00	De Alonso Iglesias, Manuel a Prieto Domínguez, Florentino
	Outubro-2015	10,00	Rodríguez Lestón, Bernardo
Parque Central	Outubro-2015	42,00	De Abelleira Porrua, Guillermo a Rodríguez Leiros, Alfonso
	Outubro-2015	32,00	De Gil González, Antonio a Romero Cobas, José Luis
Parque Móbil	Outubro-2015	40,00	De Alonso González Ángel a Romero Cobas, José Luis
Limpeza	Outubro-2015	31,00	De Alonso González Ángel a Quintas Pérez, Manuel a

O montante do presente expediente ascende a un total de 25.474,85 €.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(346).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:

A) CAMBIO DE ADSCRICIÓN DA EMPREGADA MUNICIPAL DNA. LAURA MONTEMUÍÑO LAGO, CON PRAZA E POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVA ADSCRITA AO SERVIZO DE XEFATURA DA XERENCIA DE URBANISMO, AO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 27812/220.

Dáse conta da Resolución de data 04/04/2016, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

“Por orde do servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 15/03/2016 comunicouse a esta Área de Recursos Humanos e Formación, se proceda á tramitación administrativa de expediente ao obxecto de realizar o traslado da empregada municipal, funcionaria de carreiral D^a Laura Montemuiño Lago, con nº de persoal 82169, auxiliar administrativa, adscrita á Xefatura da Xerencia de Urbanismo, cód. 400 do Capítulo I do orzamento do presente ano- (código retributivo 138), ao Servizo de Extinción de Incendios, (código de servizo 213).

Visto o informe favorable da xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación de data 31/03/2016; e considerando a necesidade urxente de efectivos auxiliares no Servizo de Extinción de Incendios, así como a existencia de vacante polo que non é necesaria a adecuación das aplicacións orzamentarias;

Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece a o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente

RESOLVO:

“Primeiro.- Dispoñer o cambio de adscrición da empregada municipal, funcionaria de carreira, D^a Laura Montemuiño Lago, con nº de persoal 82169, auxiliar administrativa (cod. retributivo 138), con praza e posto da mesma denominación do Servizo Xefatura Xerencia Urbanismo (cod. 400) -onde quedará unha vacante-, ao Servizo de Extinción de Incendios (cod. 213), onde desenvolverá as funcións propias do posto de traballo e inherentes á praza da cal é titular.

Segundo.- Da presente resolución dése traslado a interesada, Xefatura da Xerencia de Urbanismo, Sr. Oficial Subxefe do Servizo de Extinción de Incendios, Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, Área de Recursos Humanos e Formación (Negociado de Seguridade Social-Planificación e Organización-Inspector Auxiliar de Persoal), Intervención Xeral Municipal e, Comité de Persoal, aos efectos que procedan.

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

B) SOLICITUDE DE PERMISO RETRIBUÍDO EN BASE AO ART. 16 DO VIXENTE ACORDO REGULADOR, DE DNA. BEATRIZ ALONSO ASENJO, FUNCIONARIA DE CARREIRA ADSCRITA Á ÁREA DE SERVIZOS XERAIS. EXPTE. 27907/220.

Dáse conta do informe-proposta do 08/04/16, da xefa de RR HH que di o seguinte:

“En escrito de data 31/03/2016 (documento nº 160040240) D^a Beatriz Alonso Asenjo, con nº de persoal 15651, funcionaria de carreira adscrita á Área de Servizos Xerais solicita se lle autorice permiso especial do artigo 16 do Acordo Regulador debido ás excepcionais circunstancias familiares padecidas.

A tal efecto, apórtase documentación adxunta, que se incorpora ao seu expediente persoal, e cuxo tratamento deberá efectuarse consonte ao establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal.

Considerando as especiais circunstancias familiares, documentalmente acreditadas pola solicitante; e podendo verificar a gravidade das mesmas da consulta e verificación da exposición escrita da solicitante e dos informes adxuntos;

En aplicación do contido no artigo 16.8 do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais os traballadores ao servizo do Concello de Vigo, que contempla que, en casos excepcionais de enfermidade de familiares ou persoas que convivan no domicilio do empregado e afecten gravemente ao normal desenvolvemento da súa vida familiar e laboral, o Alcalde, tralo informe favorable da Área de Recursos Humanos e Formación e do órgano de representación unitaria do persoal, poderá autorizar permisos, redución de xornada ou xornadas especiais en tanto se manteña a dita situación;

Considerando: a excepcionalidade das circunstancias expostas, susceptibles de afectar gravemente ao seu desempeño profesional; e previo o informe do Comité de Persoal tal e como establece o vixente Acordo regulador;

Vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**:

“Primeiro.- Autorizar a D^a Beatriz Alonso Asenjo, con nº de persoal 15651, funcionaria de carreira, adscrita á Área de Servizos Xerais, o permiso recollido no artigo 16 do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo por lo período do mes de maio de 2016, en atención á súa solicitude formulada en escrito de data 31/03/2016 (documento nº 160040240) e de conformidade coa documentación acreditativa incorporada ao seu expediente persoal e do informe do Comité de Persoal de data 05/04/2016

A finalización do permiso deberá acreditar si continúan ou non as circunstancias xeneradoras do mesmo, mediante a presentación do correspondente informe médico sobre a evolución clínica do familiar, sinalando a obriga de comunicar á Área de Recursos Humanos e Formación a cesación anticipada das mesmas no caso de que ésta se produza.

Segundo.- Dar conta da presente resolución á interesada, Xefatura da Área de Servizos Xerais, inspección auxiliar de persoal e Área de Recursos Humanos e Formación(para incorporación no expediente persoal) aos efectos que procedan.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal en data 08/04/16, resolve de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

C) ENCOMENDA DE FUNCIÓNS DE DNA. MARÍA J. RODRÍGUEZ MARTÍNEZ. EXPTE. 27794/220.

Dáse conta do informe-proposta do 05/04/16, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación:

“O Concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, a vista da necesidade de realización das funcións correspondentes a xestión da Seguridade Social do persoal municipal , relacións laborais e a xestión técnica do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais en materias propias das relacións laborais na Área de Recursos Humanos e Formación, ordea en data 11/03/2016 que polo Servizo de Recursos Humanos se realicen os trámites administrativos necesarios para encomendar a D^a Maria J. Rodriguez Martinez, con NP 22042, adscrita ao posto Codg Rtb 166 “Xefe/a Negociado Persoal e Seg Social”, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias do posto de traballo ao que se atopa adscrita, as funcións correspondentes ao posto vacante Codg retrib.335 “Técnico/a medio relacións laborais”, así como aquelas que sexan necesarias para garantir a mellor calidade na prestación dos servizos.

Tendo en conta que, nas vixentes Instruccións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 recollen expresamente que se retribuirá en concepto de produtividade “A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado”, o importe a percibir, no caso de así considerarse, pola realización das tarefas encomendadas ascenderá a

un máximo de 6.256,70 €, calculado en funcións das retribucións actuais do posto Codg Rtb 335 Técnico/a medio Relaciones Laborais.”

*A Intervención Xeral emite informe en data 01/04/2016, sendo realizada Reserva de Crédito nº **33431** por importe de 6.256,70 €, cantidade máxima a aboar, conforme ao previsto na Instrucción 3ª das IPRPT e nas vixentes Bases de execución do orzamento (Importe mensual CD Posto Codg retrib. 335.- Técnico/a medio Relaciones Laborais 625,67 €) con cargo a aplicación orzamentaria 9220.1500000 “Produtividade” do orzamento do presente exercicio.*

Considerando o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustificuen e sen merma das retribucións;

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e delegación efectuada en Decreto de Alcaldía e Acordo da XGL de 19/06/2015 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, ao Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ,
PROPONSE:*

“Primeiro.- Encomendar provisional e transitoriamente ao funcionario Dª María J Rodríguez Martínez, con nº de persoal 22042 , as funcións do posto vacante de Técnico/a medio relacións laborais, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrita, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, dispoñéndose a cesación automática da citada encomenda no momento no cal se produza a cobertura, mediante algun dos mecanismos legamente previstos do posto de Técnico/a medio relacións laborais, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2016, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo, una vez verificados o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na normativa de aplicación e singularmente, o previsto nas vixentes Instruccions citadas.

Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas desempeñadas correspondentes ao posto acumulado no período obxecto de aboamento así como o grado de satisfacción no desempeño das mesmas e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendadas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partir do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado a interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área así como ao Comité de Persoal.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal en data 08/04/16, resolve de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

D) SOLICITUDE DE PERMISO NON RETRIBUÍDO DE SETE MESES DE D. MARCOS ROJO ALONSO, POLICÍA LOCAL ADSCRITO AO CORPO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 27855/220.

Dáse conta do informe-proposta do 01/04/2016, da xefa de RR HH e Formación:

"A medio escrito de data 22/03/2016 (doc. nº 160037748) D. Marcos Rojo Alonso, con NIF 36.150139-G e nº.de persoal 79350, policía local, adscrito ao Servizo Policía Local, solicita permiso non retribuído de sete meses.

En relación con dita solicitude emíttese o seguinte informe:

O vixente "Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo" contempla no seu artigo 17.c) a posibilidade de solicitar permiso non retribuído por asuntos persoais: 6 meses cada 6 anos ou 12 meses cada 10 anos, sempre que o permitan as necesidades do servizo, permanecendo o empregado solicitante en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social durante o seu disfrute e computando o tempo de duración do mesmo a efectos de antigüedad. Non computará o tempo a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Por parte desta Xefatura de Área de Recursos Humanos e Formación, non se observan impedimentos ao otorgamento do referido permiso, dado que polo Intendente da Policía Local, infórmase con data 01/04/2016 que non existe inconveniente en acceder ao solicitado.

Á vista das circunstancias anteriormente mencionadas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local; visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Autorizar D. Marcos Rojo Alonso, con NIF 36.150139-G e nº.de persoal 79350, policía local, adscrito ao Servizo Policía Local un permiso non retribuído de sete meses, de conformidade co previsto no art.17.c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüedad, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Segundo.- A presente resolución xurdirá efectos a partir do día seguinte a súa notificación.

Terceiro.- Dese conta da presente resolución ó interesado, Xefatura do Servizo, Intervención Xeral e Área de Recursos Humanos e Formación (Técnico de Organización e Planificación, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal en data 04/04/16, resolve de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

E) SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS UNIVERSITARIAS NO SERVIZO VIGOZOO Á ALUMNA DA "UNIVERSIDAD ALFONSO X EL SABIO", DNA. EUGENIE MARIE-MYLENE DUCOUDRE HUGUET. EXPTE.: 27900/220.

Dáse conta do informe-proposta do 01/04/16, da xefa de negociado de Persoal e Seguridade Social, conformado pola xefa de RR HH e Formación:

"Polo Servizo VigoZoo, remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación solicitude de autorización de prácticas para a alumna D^a Eugenie Marie-Mylene Ducoudre Huguet da "Universidad Alfonso X El Sabio", dando cumprimento a circular 1/2016 "Incidencias sobre xestión de convenios para a realización de prácticas profesionais ou formativos e/ou para a formación de bolsas de formación/colaboración no ámbito do Concello de Vigo".

Examinada dita solicitude, compróbase que con data 01/03/2007, asinouse pola "Universidad Alfonso X el Sabio" e o extinto OO.AA Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo un Convenio Marco para a realización de prácticas tuteladas co obxecto de potencialas capacidades profesionais dos estudantes e permitir ao alumno un coñecemento práctico e profesional dos estudos cursados.

Do contido das cláusulas despréndese que a súa sinatura non implica relación laboral ningunha co Concello, nin aboamento de cantidade pola realización das actividades formativas, así como a obriga da "Universidade Alfonso X El Sabio" dun seguro médico que cubra calquera eventualidade que puidera producirse durante a realización de ditas prácticas, incorporado ao presente expediente, e que o número de horas solicitadas axústase as establecidas no Convenio.

Dita solicitude conta con informes de data 22/02/2016 e 4/03/2016 da persoa que se responsabilizará das prácticas, Veterinario e polo Director de Réxime Interior de VigoZoo, respectivamente, no que considera que ditas prácticas teñen encaixe na dinámica de actividades, así como que as mesmas están de acordo co obxecto do Convenio, o cal se atopa en vigor.

Por isto ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostenta o Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal por delegación efectuada en Decreto da Excma. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de

Goberno Local en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Autorizar a solicitude realizada pola “Universidad Alfonso X El Sabio” para que a alumna de dito centro D^a Eugenie Marie-Mylene Ducoudre Huguet, con número de identificación 07AT91878 realice prácticas no Servizo VigoZoo, a partir do mes de abril de 2016, de conformidade con Convenio marco asinado polo extinto OO.AA Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo e a “Universidad Alfonso X El Sabio” con data 01/03/207 aprobado polo Consello de Administración de dito organismo en data 21/05/2007, así como dos informes do Veterinario e do Director de Réxime Interior de VigoZoo de datas 22/02 e 04/03 de 2016.

Segundo.- Comunicar a presente autorización ao Servizo VigoZoo e que por este se de traslado da presente autorización á “Universidad Alfonso X El Sabio”.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución a Xunta de Goberno Local.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal en data 04/04/16, resolve de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

D) SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS UNIVERSITARIAS NA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO DE VIGO AO ALUMNO DE MÁSTER DE ARTES ESCÉNICAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO, D. JULIÁN RODRÍGUEZ NOVO. EXPTE. 27936/220.

Dáse conta do informe-proposta do 11/04/2016, da técnica de Avaliación e Formación, conformado pola xefa de RR HH e Formación:

“Pola Escola Municipal de Teatro de Vigo, preséntase no rexistro xeral deste Concello, doc. núm.: 160043021 de data 06/04/2016, solicitude de autorización de realización de prácticas externas para o alumno do Máster de Artes escénicas da Universidade de Vigo, D. Julián Rodríguez Novo, no marco do Convenio de cooperación educativa vixente entre a Universidade de Vigo e este Concello.

Examinada dita solicitude, compróbase que con data 06/02/2015 asinouse pola Universidade de Vigo e o Concello de Vigo un Convenio Marco para a realización de prácticas tuteladas co obxecto de potencialas capacidades profesionais dos estudantes e levar a cabo a súa formación práctica obrigatoria mediante estancias con profesionais da mesma área en exercicio.

Do contido das cláusulas despréndese que a súa sinatura non implica relación laboral ningunha co Concello, nin aboamento de cantidade pola realización das actividades formativas.

Segundo a Resolución da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social de 25 de marzo de 1999, as prácticas en empresas que realicen os estudantes estarán cubertas polo seguro escolar, sempre que o alumnado estea matriculado e ao corrente de pago do citado seguro. A Universidade de Vigo ten suscrito ademáis un seguro de responsabilidade civil e outro de

accidentes, complementarios ao seguro escolar, que cubra calquera eventualidade que puidera producirse durante a realización de ditas prácticas.

Dita solicitude consta con informe de data 08/04/2016 do técnico superior de Educación, no que se considera que ditas prácticas teñen encaixe na dinámica de actividades, así como que as mesmas están dacordo co obxecto do Convenio, o cal que se atopa en vigor e que o número de horas solicitadas se axusta ao establecido no Convenio.

Achégase ao presente expediente seguro escolar asinado pola Universidade de Vigo e a Compañía de Seguros MAPFRE, póliza núm. ES01001542 de data 23/09/2015 (data de renovación do Contrato de Seguro vixente).

Por isto, ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostenta o Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal por delegación efectuada en Decreto da Excma. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Autorizar a solicitude realizada pola Escola Municipal de Teatro de Vigo para que o alumno de Máster de Artes Escénicas da Universidade de Vigo D. Julián Rodríguez Novo, realice 150 horas de prácticas na Escola Municipal de Teatro de Vigo, a partir da sinatura da presente resolución, de conformidade co Convenio marco asinado pola Universidade de Vigo e o Concello de Vigo en data 06/02/2015 así como do informe do técnico de data 08/04/2016.

Segundo.- Comunicar a presente autorización á Escola Municipal de Teatro de Vigo e dar conta da presente resolución a Xunta de Goberno Local."

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal en data 11/04/16, resolve de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

17(347).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL NA XESTIÓN RECADATORIA DO CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE SISTEMAS DE COBRO: PRESENCIAL, AUTOSERVIZO E TELEMÁTICO, ASÍ COMO A PRESTACIÓN DE SERVIZOS BANCARIOS DE GAGOS, E APERTURA DUNHA OFICINA INSTITUCIONAL. EXPTE. 16026/541.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 04/03/16 e o informe de fiscalización do 31/03/16, dáse conta do informe-proposta do 18/03/16, do tesoureiro, conformado polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

"NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*

- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).*

ANTECEDENTES:

Dando cumprimento á Resolución do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo de data 25 de novembro de 2015, por esta tesourería procedeuse a dar inicio ao expediente para a contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, para colaboración integral na xestión recadatoria do Concello de Vigo, mediante sistemas de cobro: presencial, autoservicio e telemático, así como a prestación de servizos bancarios de pagos, e apertura dunha oficina institucional, mediante a súa centralización na Entidade Financeira adxudicataria, que actuará como Entidade Financeira Xestora única. . Os documentos incorporados ao expediente son os seguintes:

Resolución de data 25/11/2015 do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda de inicio do expediente.

Memoria xustificativa das necesidades a satisfacer, asinada en data 02/12/2015 polo tesoureiro e polo Sr. Concelleiro de Delegado de Orzamentos e Facenda o 03/12/2015.

Prego de prescricións técnicas, versión definitiva asinado polo Tesoureiro en dada 02/02/2016.

Prego de Clausulas Administrativas asinado pola Sra. Xefa do Servizo de Contratación en data 04/03/2016.

Modelo tipo de convenio a asinar coas entidades colaboradoras que acepten a condición na oferta que presenten.

Informe favorable da Asesoría Xurídica asinado en data 04/03/2016.

A competencia para a aprobación do PPT e do PCAP así como o expediente de contratación e a adxudicación do contrato corresponde á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (artigos 110, 115, 116 e Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, e artigos 318 e 319 LALGA/1997).

PROPOSTA DE ACORDO:

En consecuencia, previo informe da Intervención Xeral do Concello de Vigo, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas e os seus anexos de data 02/02/2016 e de Cláusulas Administrativas particulares, e os seus anexos, asinado en data 04/03/2016, elaborados para a contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos bancarios para a colaboración integral na recadación dos ingresos Patrimoniais e de Dereito Público do Concello de Vigo, e de ser o caso, dos seus Organismos Autónomos dependentes, mediante a súa centralización na Entidade Financeira

adxudicataria, que actuará como Entidade Financeira Xestora única. Así mesmo, a apertura e xestión dunha oficina institucional con sede no interior da Casa Consistorial do Concello de Vigo na que se prestarán, tanto os referidos servizos bancarios de cobros e pagos, como os servizos bancarios e financeiros á totalidade do persoal que presta os seus servizos no Concello de Vigo e OO.AA dependentes e o servizo de pagos polas contas operativas, por un período de catro anos contados a partir da data da formalización do contrato, podendo prorrogarse por mutuo acordo expreso entre as partes por períodos sucesivos de carácter anual, cun máximo de dúas prórrogas.

SEGUNDO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e no PCAP.

TERCEIRO.- Aprobar o modelo tipo de convenio a asinar coas entidades colaboradoras que acepten a condición na oferta que presenten.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DE DEPÓSITO
_____ EN MATERIA DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA
MUNICIPAL

En Vigo, a ___ de _____ de dous mil dazaseis,

COMPARECEN

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Vigo, e da outra

Don/a _____ en representación da Entidade de depósito _____,

MANIFESTAN

1) Que de conformidade co establecido no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 8 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, corresponde ao Concello de Vigo a recadación das débedas cuxa xestión teña atribuída, sen mediar delegación ou fórmula de colaboración algunha con Entidade territorial a cuxa demarcación pertenza.

2) Que o artigo 9 do citado texto Regulamentario dispón que poderán actuar como entidades colaboradoras na recadación as entidades de crédito autorizadas, cos requisitos e co contido a que se refire o artigo 17. Os artigos 17, 18 e 19 da precitada norma regulamentaria regulan o procedemento de ingreso a través de entidades colaboradoras na recadación.

Pola súa banda, a Comisión de Goberno, en sesión celebrada o día 28 de agosto do ano 2000 prestou a súa aprobación ás Normas reguladoras da actuación e procedemento a seguir polas entidades de depósito colaboradoras en materia de recadación de ingresos de cobro periódico e notificación colectiva, constituíndo estas normas o marco regulador da actividade de colaboración polas entidades de depósito en materia de recadación de ingresos municipais.

O artigo 2.4 do PPT para a contratación servizos de colaboración na xestión integral de recadación de ingresos patrimoniais e de dereito público así como o sistema de pagos e

apertura dunha oficina institucional con sede no interior da Casa Consistorial, ten regulación para as entidades colaboradoras.

3) A Entidade _____, representada por D/D^a. _____, con poder bastante outorgado o día ____ de _____ de _____ ante o notario D/D^a. _____, notario do Ilustre Colexio de _____, ostenta capacidade suficiente para subscribir o presente Convenio de colaboración, e declara expresamente estar en disposición de prestar o servizo de colaboración nas condicións establecidas en cada caso pola normativa vixente.

4) Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión que tivo lugar o día _____, que adxudicou o procedemento para a contratación dunha entidade xestora, autorizou á entidade _____ para prestar o servizo de colaboración na xestión recadatoria municipal.

Ambas as partes comparecentes recoñécense mutuamente competencia e capacidade para concertar o presente convenio de colaboración, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O Excmo. Concello de Vigo e a Entidade _____ conveñen a prestación, por parte da citada entidade de depósito, do servizo de colaboración na recadación municipal dos ingresos cuxa xestión ten atribuída, na que é entidade xestora _____, servizo que se realizará con arranxo ao disposto nos artigos 17 a 19 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, normas que a citada entidade de depósito manifesta coñecer, así como adherirse ao contido das mesmas e con suxeición ao previsto na cláusula 2.4 do PPT.

A prestación do servizo de colaboración en ningún caso será retribuída.

SEGUNDA.- Poderán recadarse ao amparo do presente Convenio todo tipo de tributos e gravames: pagos de vencemento periódico e notificación colectiva, tributos de pago único, autoliquidacións, liquidacións, multas, etc. , sempre que os datos de identificación axústense aos normalizados para a súa captura e posterior comunicación, de acordo co disposto no Caderno 60 do CSB/AEB, versión vixente. (Recadación de tributos e outros ingresos municipais)

TERCEIRA.- Os períodos de recadación serán establecidos polo Concello para cada tributo ou concepto, e a data límite de aceptación de ingreso farase constar no propio documento de cobro, ou ben se comunicará á entidade colaboradora con antelación suficiente á data de inicio do período de recadación correspondente.

A entidade _____ admitirá devanditos ingresos todos os días que sexan laborables para a entidade durante o horario de caixa, abonándoos seguidamente na correspondente conta restrinxida. Os ingresos poderán realizarse en calquera das oficinas da entidade.

CUARTA.- En ningún caso poderá admitirse por _____, no desenvolvemento da xestión recadatoria, algunha das seguintes operacións:

A) Os ingresos que se pretendan realizar carecendo do documento cobratorio orixinal expedido para tal fin ou obtido a través dos sistemas on-line implantados ou no seu caso, duplicado expedido polos Servizos municipais correspondentes ou polo servizo da entidade xestora.

B) Os ingresos que, aínda presentando o documento cobratorio establecido, pretendan efectuarse unha vez finalizada a data límite de aceptación de ingreso pola entidade colaboradora.

Poderán cobrar, coa recarga do 5 % ou calquera outro que puidese establecerse legalmente, os recibos non satisfeitos polos contribuíntes nos períodos voluntarios de pago, ata a segunda data

límite que conste na carta de pagamento. Transcorrida esta segunda data, a entidade deberá cobrar coa recarga que figure na liquidación que presente o debedor.

C) Os ingresos para cuxo cobro non estean autorizados mediante a inclusión expresa no documento de cobro do nome da Entidade Colaboradora.

QUINTA.- Os datos sobre débedas tributarias e demais de toda índole que se deriven da aplicación do presente Convenio, non suporán, en ningún caso, cesión de datos persoais á entidade financeira, despois de que os mesmos non se incorporarán aos ficheiros de _____, senón que terán como exclusiva finalidade o seu tratamento automatizado ao obxecto de recadar ou, no seu caso, deber, os documentos liquidatorios.

Ambas as partes comprométense a cumprir a Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal na realización do tratamento dos datos necesarios para a prestación dos servizos obxecto do presente Convenio, de modo que se unha das partes vulnera a citada normativa deberá deixar indemne á outra das responsabilidades de todo tipo que puidesen derivarse de tal incumprimento.

SEXTA.- Na súa calidade de entidade colaboradora, _____ abonará o produto dos ingresos resultantes da recadación diaria na c/c restrinxida aberta a nome da Corporación na propia Entidade de depósito coa denominación Concello de Vigo. Conta restrinxida de recadación.

A conta restrinxida será unha conta corrente sen retribución e sen acreditación de ningunha comisión, na cal só se poden efectuar anotacións en concepto de abonos e unha única anotación de cargo quincenal para proceder a ingresar o saldo na conta asignada. Non entanto, poderanse efectuar outras anotacións de rectificación debidamente xustificadas, previa autorización da Tesourería municipal.

SÉTIMA.- A entidade colaboradora admitirá, en todo caso, o diñeiro de curso legal como medio de pago. Así mesmo, poderá aceptar calquera outro medio de pago habitual no tráfico bancario, aínda que a admisión destes medios queda a discreción e risco da entidade.

Calquera que fose o medio de pago utilizado, en ningún caso correrán por conta do Concello de Vigo os gastos que puidesen xerarse pola utilización de medios diferentes ao diñeiro de curso legal. Como consecuencia dos devanditos gastos non poderán minorarse en ningún caso os importes ingresados.

Comprobada a coincidencia exacta do importe ingresado co que ha de figurar no "total a ingresar" do documento cobratorio, a Entidade procederá a estender no documento destinado ao efecto certificación mecánica por medio de impresión de máquina contable ou manual mediante selo da Entidade, que haberá de expresar, como mínimo: Código da entidade emisora, referencia, data da operación de ingreso, importe total ingresado, identificación, clave da entidade e da oficina receptora, así como que o ingreso se efectuou na correspondente conta restrinxida.

O abono na conta restrinxida do Concello deberá efectuarse na mesma data en que se produza o ingreso na Entidade.

OITAVA.- Quincenalmente, o sétimo dos días hábiles posteriores aos días 5 e 20 de cada mes, ou inmediato hábil posterior se estes fosen inhábiles, procederase a traspasar os saldos resultantes da recadación efectuada na quincena inmediatamente anterior existente na conta restrinxida da entidade xestora que será a entidade coordinadora do proceso de xestión das demais entidades colaboradoras, centralizando todos os fluxos de documentación, información e de ingreso que proveñan delas, a través das contas de titularidade municipal abertas na adxudicataria. Este labor de coordinación da entidade xestora levará a de control dos prazos de ingreso e de remisión de documentación que deban efectuar as entidades colaboradoras á entidade adxudicataria, debendo pór en coñecemento do Concello calquera deficiencia que se produza. A estes efectos, o Concello de Vigo poderá, unilateralmente, establecer períodos

temporais para o traspaso ou varrido automático dos fondos da conta restrinxida á conta operativa de duración inferior á quincena.

Non obstante o anterior, con periodicidade diaria facilitarase un ficheiro informático co detalle individualizado de todos os tributos ou gravames recadados o día inmediatamente anterior no cal se especificarán, como mínimo, data de cobro, importe, identificación do concepto e referencia do recibo ou liquidación ingresados. Este ficheiro remitirase ás direccións de correo electrónico ofi.voluntaria@vigo.org e ofi.tesoreria@vigo.org.

O procedemento, así como a información, mediante soporte magnético, relativa aos cobros efectuados, axustarase ás especificacións do Caderno 60 do Consello Superior Bancario (Recadación de tributos e outros ingresos municipais). En todo caso, a Entidade financeira comprométese a entregar a documentación citada, compatible co equipo informático que indique o Concello de Vigo.

NOVENA.- A entidade _____ non repercutirá gasto algún ao Concello de Vigo que puidese derivarse da aplicación do presente Convenio, asumindo directamente a totalidade dos custos do proceso.

DÉCIMA.- O presente Convenio terá vixencia durante a vida do contrato da entidade xestora (4 anos), prorrogándose se fose o caso por anualidades ata dous anos máis.

OUTORGAMENTO

Para a debida constancia de todo o convindo, asíñase o presente Convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio mencionados.

18(348).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE FAMILIAS NUMEROSAS PARA A OBTENCIÓN DO "SELO TURISMO FAMILIAR". EXPTE. 6023/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16/02/16 e o informe de fiscalización do 06/04/16, dáse conta do informe-proposta do 18/03/16, da técnica de Actividades Turísticas, conformado pola xefa de Turismo e Comercio, pola concelleira-delegada de Festas e Turismo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

"O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, recolle que o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interés de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de julio de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen perxuízo das competencias establecidas pola lexislación de Réxime Local, a promoción e protección dos recursos turísticos de su termo municipal.

O Servizo de Turismo do Concello de Vigo ten entre os seus obxectivos a realización da promoción turística da cidade, neste marco considerase de interés para a cidade a realización de actuacións orientadas a un turismo familiar.

A Federación Española de Familias Numerosas e unha entidade sen ánimo de lucro, independente e no confesional, que representa e defiende os intereses das familias

numerosas. Declarada Entidad de Utilidad Pública dende o ano 2003, o seu obxectivo e conseguir para estas familias o recoñecemento social e económico que lles corresponde pola súa especial contribución á sociedade e, en consecuencia, otorgarlles facilidades no acceso aos bens e servizos, tanto públicos como privados. A FEFN está integrada por máis de 80 Asociaciones locais, provinciais e autonómicas, que traballan en cada Comunidade Autónoma, co obxectivo común de facer valer e defender os dereitos das familias numerosas.

Turismo Familiar é unha das liñas de traballo da Federación Española de Familias Numerosas (FEFN), que creou un "Selo" para distinguir e promocionar os establecementos e destinos turísticos que apuesten polo público familiar. Trátase de avalar a empresas e destinos turísticos cuxa oferta se adecue as necesidades das familias. O Selo de Turismo Familiar persigue dar servizo as familias, contribuyendo á localización dos mellores lugares para disfrutar do ocio e do tempo libre en familia; para o sector supón a posibilidade de diferenciarse no mercado, especializando a oferta, ante un segmento de gran peso, ademais de poder realizar accións de marketing turístico enfocadas as familias, contribuyendo así a aumentar a competitividade turística dos destinos e empresas interesadas no segmento familiar. Este distintivo es un recoñecemento creado para la industria turística (empresas y destinos), como productos e destinos especializados no turismo familiar, polo devandito.

A Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que se iniciase o expediente para a redacción do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Española de Familias Numerosas para a obtención do selo familiar, por importe de 4.000€ mais IVE facendo un total de 4.840€. Os cargos dividiríanse en dous pagos. O primeiro pago realizarase no ano 2016 polo importe de 3.000€ mais IVE, que fai un total de 3.630€, con cargo á aplicación presupostaria 4320.226.0200 para o vixente exercicio económico. O segundo pago aboarase no ano 2017 polo importe de 1.000€ mais IVE, que fai un total de 1.210€.

PROPONSE

1º.- Que se aprobe o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE FAMILIAS NUMEROSAS PARA A OBTENCIÓN DO SELLO FAMILIAR.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 4.000€ mais IVE facendo un total de 4.840€. Correspondendo ao ano 2016 o importe de 3.000€ mais IVE, 3.630€, e ao ano 2017 o importe de 1.000€ mais IVE, 1.210€, que se aboará á Federación Española de Familias Numerosas, CIF G-28728962, con cargo á aplicación presupostaria 4320.226.0200 do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico, e a mesma aplicación presupostaria no ano 2017."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE FAMILIAS NUMEROSAS PARA A OBTENCIÓN DO SELLO TURISMO FAMILIAR.

REUNIDOS

Dunha parte D^a Ana Laura Igrexas González na súa calidade de concelleira-delegada do Área de Festas e Turismo.

Doutra parte D^a Eva Holgado Pascual, con DNI 3102205B, actuando como presidenta en nome da Federación Española de Familias Numerosas (en diante FEFN) con domicilio en C/Campomanes N6, 4º Dcha, 28013 Madrid, CIF G28728962.

MANIFESTAN

I.- A Federación Española de Familias Numerosas é unha entidade sen ánimo de lucro, independente e non confesional, que representa e defende os intereses das familias numerosas. Declarada Entidade de Utilidade Pública desde o ano 2003, o seu obxectivo é conseguir para estas familias o recoñecemento social e económico que lles corresponde pola súa especial contribución á sociedade e, en consecuencia, outorgarlles facilidades no acceso a bens e servizos, tanto públicos como privados. A FEFN está integrada por máis de 80 asociacións locais, provinciais e autonómicas, que traballan en cada Comunidade Autónoma, co obxectivo común de facer valer e defender os dereitos das familias numerosas.

O Turismo Familiar é unha das liñas de traballo da Federación Española de Familias Numerosas (FEFN), que creou o “Selo de Turismo Familiar” para distinguir e promocionar os establecementos e destinos turísticos que aposten polo público familiar. Homologación recoñecida pola Secretaría de Estado de Turismo como Club de produto de Turismo Familiar (Anexo II, ao que se achega Estatutos da FEFN). Trátase de avalar a empresas e destinos turísticos cuxa oferta se adecue ás necesidades das familias. O Selo de Turismo Familiar persegue dar servizo ás familias, contribuíndo á localización dos mellores lugares para gozar do lecer e o tempo libre en familia, para o sector supón a posibilidade de diferenciarse no mercado, especializando a oferta, ante un segmento de gran peso, ademais de poder realizar accións de marketing turístico enfocadas ás familias, contribuíndo así a aumentar a competitividade turística dos destinos e empresas interesados no segmento familiar.

II.- O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que recolle que o municipio exercerá como competencia propia nos términos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de Réxime Local, a promoción e protección dos recursos turísticos do seu término municipal.

III.- O Concello de Vigo está interesado en iniciar os trámites conducentes para a obtención do “Selo Familiar” co obxectivo de realizar unha promoción turística focalizada no turismo familiar, coa finalidade de captar un novo mercado.

A obtención do “Selo Familiar” na cidade de Vigo, supón unha aposta polo turismo familiar, a caracterización do destino turístico, unha diferenciación e incremento de competitividade turística con respecto a outros destinos coas mesmas características.

Este distintivo é un recoñecemento creado para a industria turística (empresas e destinos), como produtos e destinos especializados en turismo familiar.

O informe de data 11 de decembro, que se inclúe como Anexo I, examínase a adecuación das empresas prestadoras de servizos turísticos ás esixencias establecidas para a obtención do “Selo Familiar”, así como o destino no seu conxunto concluíndose que é posible o seu obtención sen novos investimentos.

IV.- O Concello de Vigo asumirá o importe de 4.840€ (catro mil oitocentos corenta euros) con cargo á aplicación presupuestaria 4320.226.0200 Material gráfico e promoción turística.

En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e a Federación Española de Familias Numerosas (FEFN) conveñen formalizar o presente convenio de colaboración.

CLAUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio consiste en desenvolver as accións e documentación necesarias para a obtención do “Selo Familiar”, así como das vantaxes inherentes ao mesmo.

Segunda.- Proceso de implementación do Sistema de aval da FEFN consta de dúas etapas:
1ª.-Cumprimento do estándar e a xustificación documental dos requisitos por parte da FEFN.

2ª.-Acreditación do cumprimento dos requisitos, que se levará a cabo por un técnico da FEFN e emisión de informe de análise documental e outro informe de auditoría que se avalan co “Selo Turismo Familiar” da FEFN.

Terceira.- A Federación Española de Familias Numerosas comprométese a:

1.- Conceder o “Selo Familiar” ao destino Vigo, e á realización das actuacións de xustificación documental, así como, a emisión de informes necesarios destinados á obtención do mesmo

2.- A comprobación do cumprimento dos estándares mínimos nas empresas que forman parte do destino Vigo.

3.- A realización do proceso de comunicación e difusión da obtención do “Selo de Turismo Familiar” utilizando as súas propias ferramentas de difusión e marketing, mediante o cumprimento das seguintes accións:

1.-Uso de marca “Selo de Turismo Familiar” nos soportes de promoción e comunicación do destino Vigo, tanto en soportes físicos como dixitales.

2.-Envío de nota de prensa, a medios generalistas e especializados, sobre a entrega do Selo de Turismo Familiar á entidade avalada, así como difusión do acto de entrega nas canles de Facebook e Twitter da FEFN e no apartado de noticias da web de turismo da FEFN, www.familiayturismo.com.

3.-Inclusión no listado de entidades avaladas en www.familiayturismo.com mediante unha apunta sobre as instalacións e servizos prestados.

4.-Presenza na Web de Turismo Familiar da Federación Española de Familias Numerosas www.familiayturismo.com

5.-Posibilidade de usar a marca Selo de Turismo Familiar, co seu logo, nos soportes comerciais, de marketing e informativos tanto por parte do destino Vigo como por parte da Fundación Vigo Convention Bureau.

6.-Información directa a un público segmentado de 44.000 familias asociadas á Federación Española de Familias Numerosas.

7.-Aparición na newsletter (mensual) sobre turismo familiar elaborada pola FEFN e enviada a todos os socios (44.000 familias), no mes no que sexa entregado o aval e nas ocasións nas que o Departamento de Comunicación da FEFN considéreo oportuno en razón do interese informativo.

8.-Presenza na Newsletter "A Familia ao día" dirixida a 30.000 suscriptores.

9.-Aparición en redes sociais da FEFN en cantas ocasións o Concello de Vigo considere oportuno en razón do interese informativo.

10.- Un artigo na Revista das Familias Numerosas (semestral, enviada aos domicilios dos socios da FEFN, cunha tirada de 44.000 exemplares).

11.- Presenza no Boletín mensual "Familia e Turismo" dirixido a máis de 40.000 familias.

12.- Presenza en revistaa Familias Numerosas da Federación Española de Familias Numerosas, 50.000 exemplares, 44.000 exemplares a domicilio a familias numerosas de toda España.

13.-Inclusión, de forma permanente, no listado de empresas e entidades avaladas que aparece como sección propia nas últimas páxinas de cada revista.

14.- Distribución da información a través da rede interna asociativa composta por máis de 80 asociacións repartidas por toda España.

15.-Acceso ao Estudo sobre as pautas de consumo turístico das familias numerosas en España, que todos os anos realiza a FEFN xunto coa consultora DNA Expertus, que dá o soporte técnico ao proxecto do Selo de Turismo Familiar.

16.-Desconto dun 10 % nas tarifas de publicidade (tanto nos medios online da FEFN como na revista) e na participación de eventos organizados pola FEFN (congresos, salóns, feiras, etc.).

17.-Presenza no boletín digital que elabora ELFAC, Confederación Europea de Asociacións de Familias Numerosas, formada na actualidade por 19 países europeos.

18.- Presenza na "Guía para Familias" que edita o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

19.-Incorporación ao Club de Produto Turístico recoñecido e avalado por SEGITTUR (febreiro 2015).

20.-Presenza no portal oficial Turismo de España, www.spain.info

21.- Participación en estudos de investigación sobre Turismo e Familias e acceso aos resultados.

Cuarta.- O Concello de Vigo comprométese a:

1.-Asumir o custo da actuación por importe de 4.000€ (catro mil euros) máis IVA, que fan un total de 4.840€ (catro mil oitocentos corenta euros)

Quinta.- Seguimiento do contrato.

Por parte da FEFN:

Será responsable do seguimento do proxecto, Yolanda García, Responsable de Proxectos, proxectos@familiasnumerosas.org, 914345784.

Por parte da Concellería de Turismo:

Será responsable do seguimento do proxecto, a jefatura do Servizo de Turismo do Concello de Vigo.

Sexta.- Prazos e pagos.

O pago da cantidade convinda/convida que é de 4.000€ (catro mil euros) máis IVA, que fan un total de 4.840€ (catro mil oitocentos corenta euros).

O abono de devandita cantidade realizarase en dous pagos, previa presentación de factura e xustificación das actuacións que se recollen no presente convenio.

O primeiro pago realizarase trala firma do convenio, que acredita o cumprimento por parte do Concello de Vigo, dos requisitos necesarios para a obtención do selo, así como das actuacións que o mesmo conleva recolleitas na clausula terceira, por importe de 3000€ máis IVA, facendo un total de 3.630€.

O segundo pago levarase a cabo no primeiro trimestre do ano 2017, polo importe de 1.000€ máis IVA, facendo un total de 1.210€.

Os pagos realizaranse por medio de transferencia bancaria á conta con número de IBAN É7201824028740208000675 á Federación Española de Familias Numerosas.

Sétima.- Acreditación de estar ao corrente de obrigacións fiscais.

A beneficiaria acreditará estar ao corrente no pago de súas obrigacións fiscais, (Anexo III) coa seguridade social e non ser deudora por resolución de procedencia de reintegro, ou que puidese realizar por medio dunha declaración responsable, segundo o disposto no artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Oitava.- Deber de facilitar información á Concejalía de Turismo.

A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle requira a Concejalía de Turismo e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Novena.- Controversias.

A Concejala-Delegada de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio e para tomar iniciativas que contribúan ao cumprimento e desenvolvemento.

Décima.- Vixencia.

O presente convenio terá vixencia desde o día da súa firma ata o 31 de decembro de 2017 e non será prorrogable.

Décimo primeira.- Lexislación aplicable.

O convenio de colaboración, con carácter xeral réxese polo disposto nos artigos 88.1 LRXAP-PA, 5 a 25 da LRBRX, en relación cos artigos 111 TRRL, 4.2 e 25 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

19(349).- ENCOMENDA DE FUNCÍONS E COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE PARA OS ARQUITECTOS DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS DA XMU. REVISIÓN DO ESTADO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 8693/407.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 31/03/16, do xefe dos Servizos Centrais da XMU e o informe de fiscalización do 01/04/16, dáse conta do acordo, sesión do 08/04/16, do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

"I.- Antecedentes e motivación.

A disolución do Organismo Autónomo do Instituto Municipal dos Deportes (I.M.D) e a súa integración na Concellería de Deportes do Concello de Vigo obriga á Concellería a asumir a xestión directa da totalidade das instalacións deportivas da cidade.

A tal efecto, dita Concellería de Deportes dirixiuse a esta Xerencia Municipal de Urbanismo para solicitar a colaboración dos arquitectos municipais da Oficina de Obras e Proxectos Municipais, unidade encadrada neste Organismo Autónomo.

Na Memoria que se achega a este informe-proposta relaciónanse as seguintes tarefas:

1ª.- Revisión do estado dos campos de fútbol de titularidade e/ou responsabilidade municipal incluíndo o terreo de xogo, vestiarios, graderíos e instalacións complementarias. Incluirá informe sobre a súa situación urbanística no Plan Xeral vixente (Subsanación de Deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/85 de adaptación da do solo a Galicia) e as posibilidades de ampliación e/ou mellora e conservación das edificacións existentes.

2ª.- Revisión do estado das piscinas de titularidade e/ou responsabilidade municipal incluíndo o vaso, vestiarios, graderíos e instalacións complementarias. Incluirá informe sobre a situación urbanística das edificacións existentes e as posibilidades de ampliación e/ou mellora e conservación das mesmas.

3ª.- Diagnose do estado de conservación de cada unha das instalacións indicando as obras de mellora e/ou mantemento necesarias especificando o seu grao de urxencia ou prioridade.

4ª.- Proposta de novas edificacións, necesarias para amplia-los equipamentos existentes (por necesidade de uso) ou ben para substituír edificacións obsoletas (polo seu grado de deterioro ou polo seu deficiente funcionamento).

5ª.- *Elaboración de programa de actuación para a execución das inversións nas diversas instalacións deportivas, establecendo unha proposta de programación das inversións.*

Relaciónanse na mencionada memoria as instalacións deportivas que van a ser obxecto de revisión e que poden sintetizarse:

- *19 campos de fútbol (incluíndo graderíos, vestiarios e instalacións complementarias).*
- *6 piscinas (2 Travesas, Lavadores, Teis, Valladares e ETEA).*

Dita encomenda de funcións supón unha actividade extraordinaria que se suma ós seus traballos habituais, suporá unha maior dedicación e responsabilidade e responderá, como obrigan as vixentes instrucións de plantilla (Xunta de Goberno Local de 20.09.2010 e B.O.P. De 16.11.2010), a:

- a) Contribuír a mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo. As citadas instalacións son usadas por miles de cidadáns ó longo de un ano.*
- b) Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.*

Tales presupostos fundamentan a concesión dun complemento de produtividade que pode cifrarse nun máximo de 613,86 euros/mes para cada uno dos dous arquitectos, durante un período máximo de catro meses, prorrogables de forma xustificada por dous máis. Dita retribución asignarase de forma periódica, previa constatación do traballo efectivo realizado, excluindo os períodos de vacacións ou, no seu caso, de baixa.

Achégase retención de crédito (RC Nº 20160000849) por importe de 7.366,32 euros, importe máximo que podería destinarse este exercicio polo complemento de produtividade proposto. Este importe debería ser reintegrado pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo, dado o obxecto das funcións encomendadas.

II.- Fundamentación xurídica.

A atribución temporal de funcións está contemplada polo artigo 66 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado. Este Real Decreto estatal é de aplicación supletoria para a Administración Local.

Segundo as vixentes instrucións de plantilla do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, aprobadas por Xunta de Goberno Local de 20 de setembro de 2010 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 220 de 16 de novembro de 2010, "con cargo ao complemento de produtividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concorran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e a iniciativa con que desempeñan as súas funcións".

As propias instrucións de plantilla do Concello de Vigo prevén que o complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por... "2. asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo órgano competente".

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata o desenvolvemento lexislativo posterior, consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma e vista a derogación expresa do artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ó preceptuado no artigo 23. Un. E) da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2016 (BOE nº 260 de 30 de outubro) que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

III.- Proposta.

De conformidade co antedito propónse que ó Consello da Xerencia eleve á Xunta de Goberno (competente conforme cos artigos TERCEIRO, apartado 8, e DECIMO, apartado 1.f) dos vixentes Estatutos da Xerencia de Urbanismo e co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local) a adopción do seguinte acordo:

1º) Encomendar ós arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, as funcións de revisión do estado das instalacións deportivas municipais, incluíndo diagnose, proposta de actuacións a realizar e, no seu caso, dirección das correspondentes obras.

2º) Concederlles un complemento de produtividade de 613,86 € ó mes, que se liquidará previa constatación da realización efectiva das funcións encomendadas e por un período máximo de catro meses, prorrogables por dous máis de forma xustificada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(350).- ACEPTACIÓN E FORMALIZACIÓN DE CESIÓN PARA VIAL NA AVDA. DE MADRID Nº 197. EXPTE. 84171/421.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da técnica de Admon.Xeral da XMU, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión, dáse conta da proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, sesión ordinaria do 08/04/2016:

“3. ACEPTACIÓN E FORMALIZACIÓN DE CESIÓN PARA VIAL NA AVDA DE MADRID NÚM. 197. EXPTE 84171/421.

Antecedentes:

O día 05.04.2016 a técnica de administración xeral e a xefa de Planeamento e Xestión informan:

I. ANTECEDENTES E FEITOS

I.1.- Cómpre traer a colación como antecedente do presente, os expedientes tramitados baixo os núm. 4105/401 e 98/403, para a aprobación do "Proxecto de apertura e urbanización de vial na Avda. de Madrid, 197", incoado mediante iniciativa particular pola entidade mercantil "Troncalva, SL" (hoxe Alvariño Inversiones S.L) instrumento redactado polo enxeñeiro de camiños don Alberto Moreno García con visados do colexio oficial de 30 de xuño e 27 de novembro de 1998 e 4 de maio de 1999, e cuxa aprobación definitiva foi acordada polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (en diante XMU), na sesión que tivo lugar en data 18/06/1999.

O treito de viario que neste intre é obxecto de cesión, que une a rúa Barxa do Covelo coa estrada Vilar foi urbanizado consonte aos proxectos referidos no parágrafo anterior, onde se reflectía como un viario de nova apertura, e no que xa se sinalaban as súas aliñacións no neste intre vixente PXOM de 1993, aprobado definitivamente mediante acordo da Xunta de Galicia de data 29.04.1993 (BOP núm. 133 do 14.07.1993).

I.2. Con posterioridade, en data 09/09/2011 a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, acordaba, entre outros pronunciamentos, recibir as obras de urbanización incluídas no proxecto de urbanización e apertura de viario na Avenida de Madrid, referido nas alíneas anteriores.

I.3. Así as cousas, en datas 03/03/2015, 14/05/2015, 09/06/2015, 28/09/2015, 07/10/2015, 20/01/2016 e 22/02/2016, tiña entrada no rexistro xeral desta XMU, baixo os docs. núm. 150025684, 150060798, 150075841, 150122575, 150127837, 160006397 e 160020715, respectivamente, un escrito e diversa documentación, achegada por don Luís Blanco Rodríguez e/r da entidade "Alvariño Inversiones, SL", polo que inicialmente solicitaba a declaración de innecesariedade de parcelamento dunha finca da súa propiedade, denominada "Ramona" cunha superficie de 1.219 m² por mor da súa división de facto, ao ser atravesada polo devandito viario e a subsecuente cesión ao Concello de Vigo da superficie de 423 m² correspondente ao mesmo e a división nas parcelas resultantes; Posteriormente e en atención aos previos requirimentos cursados por esta administración o representante da entidade mercantil achega baixo os números de doc. referidos na alíneas precedentes a seguinte documentación: Título de adquisición (escritura de compravenda outorgada perante o notario desta cidade don José Pedro Riol López en data 03/06/2008 ao núm. 1410 do seu protocolo), escritura de fusión de sociedades outorgada en data 23/12/2008 perante o notario desta cidade don José Pedro Riol López ao núm. 3360 do seu protocolo, escritura de constitución de sociedade limitada e cargo de administración outorgada o 05.06.2007 perante o notario desta cidade don Jose Pedro Riol López ao núm. 1755 do seu protocolo, escritura de cambio de denominación social outorgada en data 05/03/2010 perante o notario desta cidade don José Pedro Riol López ao número 563 do seu protocolo, copia do DNI do administrador único da sociedade intervinte, copia do DNI do representante, nota simple informativa do rexistro da propiedade correspondente á finca rexistral núm. 21631 de data 16.07.2015 e documentación técnica consistente en memoria xustificativa da cesión voluntaria, planos de situación e das parcelas resultantes subscrita polo arquitecto don Pedro de la Puente Crespo en datas 12.05.2015, 12.01.2016 e febreiro de 2016, documentación técnica esta última que substitúe e anula a anteriormente presentada.

I.4. Á vista da nova documentación achegada (doc.160020715), en data 11/03/2016 a arquitecta adscrita á área de planeamento e xestión emite informe, cuxo teor literal é o que segue,

“Con data do 10.11.2015 o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación núm. 1658/2014 pola que se declarou a nulidade do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo, con aprobación definitiva parcial mediante Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia do 16/05/2008 e aprobación definitiva mediante Orde da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 13.07.2009; xa que logo, recobrou vixencia o Plan xeral de ordenación urbana de Vigo aprobado definitivamente mediante acordo da Xunta de Galicia de data 29.04.1993 (BOP núm. 133 do 14/07/1993)

A teor do exposto anteriormente e da nova documentación técnica presentada neste senso, emítense novo INFORME:

Preténdese a cesión voluntaria da parte dunha parcela matriz, propiedade da mercantil Alvariño Inversiones, S.L., cualificada polo Plan xeral vixente (PXOU 93) como viario. Trátase dun treito do viario que une a rúa Barxa do Covelo coa estrada Vilar, e que xa está urbanizado.

A rúa Barxa do Covelo, que entronca coa estrada Vilar, recóllese como un viario de nova apertura, e se sinalan polo tanto as súas aliñacións no PXOU 93; A concreta definición e urbanización deste viario recóllese nos proxectos de urbanización tramitados nos expedientes 4105/401 e 98/403.

A parcela matriz consta inscrita no Rexistro da Propiedade de Vigo nº 2, segundo nota simple de data 16 de xullo de 2015 presentada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo (doc. 150127837):

- Inscripción 6ª; Tomo 2661, libro 1432, Folio 205, Finca 21631; coa seguinte descrición: “URBANA. TERRENO nombrado “RAMONA”, lugar de Vilar, parroquia de Lavadores, municipio de Vigo. De la superficie de mil doscientos diecinueve metros cuadrados. Linda: Norte, “Troncalva, S.L”, que le separa de la carretera de Vilar; Sur, “Troncalva, SL; Este, de Josefa y Nieves Pereiro Figueroa y Leonard Germade; y Oeste, de “Troncalva, SL”.

Non existe correspondencia entre a cartografía catastral consultada na Sede electrónica do Catastro, e a propiedade obxecto do presente expediente, xa que esta cartografía reflicte dúas parcelas e o treito do viario figura xa sen catastrar. Segundo estes datos, ao leste unha parte da parcela conta coa referencia catastral 4643460NG2744S e unha superficie de 512 m2, e na parte oeste outra parte da parcela conta coa ref. Catastral 4643462NG2744S e unha superficie de 181 m2. Entre estas parcelas catastrais e as que se describirán a continuación como parcelas 1 e 3 de resultado, existen discrepancias na súa configuración e superficie.

A dita parcela matriz, con respecto ao Plan xeral vixente, figura na súa totalidade en solo clasificado como urbano, estando cualificada como viario na súa parte central. A parte oeste figura cualificada como ordenanza 2.2.D de industria xardín de tamaño medio, na que o uso predominante é o de industria, e a parte leste da parcela está cualificada como Ordenanza 1.3.D de Edificación familiar en fileira de alta densidade, na que o uso predominante é o de vivenda familiar.

Consonte á documentación técnica asinada polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo (presentada o 22 de febreiro de 2016 co nº de documento 160020715 a parcela matriz ten unha superficie de 1.219 m², que se corresponde co título de propiedade achegado.

Como consecuencia da cesión do treito de viario resultan as seguintes parcelas:

Parcela 1:

<i>Identificación</i>	<i>Resto de finca matriz propiedade de Alvariño Inversiones, SL ao oeste</i>
<i>Clasificación Ordenanza 2.2.D e Cualificación Urbanística</i>	<i>Solo clasificado como urbano consolidado e cualificado coa de industria xardín tamaño medio</i>
<i>Superficie</i>	<i>426 m²</i>
<i>Lindeiros</i>	<i>- Norte: parcela 2 de cesión para viario (Estrada Vilar) - Sur: Alvariño Inversiones S.L. - Leste: parcela 2 de cesión para viario (Rúa Barxa do Covelo) - Oeste: Alvariño Inversiones, SL</i>

Parcela 2:

<i>Identificación</i>	<i>Terreo obxecto de cesión gratuíta cuxo destino é o de viario público, de xeometría irregular en forma de T</i>
<i>Clasificación e Cualificación Urbanística</i>	<i>Solo urbano e cualificado como Sistema viario local previsto no PXOM</i>
<i>Superficie</i>	<i>423 m²</i>
<i>Lindeiros</i>	<i>- Norte: Estrada Vilar - Sur: Rúa Barxa do Covelo - Leste: parcela 3 (resto da parcela matriz propiedade de Alvariño Inversiones) - Oeste: parcela 1 (resto da parcela matriz propiedade de Alvariño Inversiones)</i>

Parcela 3:

<i>Identificación</i>	<i>Resto de finca matriz propiedade de Alvariño Inversiones S.L ao Leste</i>
<i>Clasificación Ordenanza 1.3.D e Cualificación Urbanística</i>	<i>Solo clasificado como urbano consolidado e cualificado coa de Edificación Familiar en fileira de alta densidade</i>
<i>Superficie</i>	<i>370 m²</i>

Lindeiros - Norte: Parcela 2 de cesión para viario (Estrada Vilar)
- Sur: Alvariño Inversiones, SL
- Leste: Josefa e Nieves Pereiro Figueroa e Leonardo Germade

I.5. Elevado o expediente á oficina de urbanización e infraestruturas, en data 23.06.2015 e posteriormente o 04.04.2016 o enxeñeiro técnico de obras públicas subscribe informe, do que se extracta deste último o seu contido:

"Revisada la documentación técnica aportada por la propiedad (doc 160020715) sobre la cesión y urbanización voluntaria cabe informar lo siguiente:

Los terrenos afectados por las alineaciones del vial fijado por el vigente PXOM ahora llamada rúa Barxa do Covelo, en su entronque con camiño Vilar, se encuentran urbanizados conforme al proyecto de apertura y urbanización de vial en la avenida de Madrid Expediente nº 98/403, la documentación aportada se ajusta a este proyecto y es coincidente con el tramo de calle ejecutada".

II. Normativa examinada e Dereito

- *RDLex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e Rehabilitación urbana,*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, coas súas diversas modificacións- LBRL,*
- *Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, LRX-PAC,*
- *Lei 28/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa,*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,*
- *Real decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de inscrición no rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,*
- *Estatutos da Xerencia municipal de urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación :A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),*
- *PXOM 1993 aprobado definitivamente pola COTOP en data 29/04/1993, e publicado mediante resolución da Secretaría xeral técnica da COTOP do día 04/05/1993 (DOG do 10.05.1993 e BOP núm. 133 do 14.07.1993),*
- *O resto de disposicións que poidan afectar,*

III.- Fundamentos legais ou Consideracións Xurídicas

III.1.- Réxime xurídico aplicable

No ámbito das cesións gratuítas de terreos á administración local debemos distinguir aquelas que obedecen á vontade libre do cedente e polo tanto non obrigatorias, cuxo réxime xurídico non será o urbanístico senón o civil; e por outra banda aquelas que teñen un carácter obrigatorio e cuxo réxime xurídico se encontra no campo da execución das previsións urbanísticas.

A cesión de solo implica pois un acto translativo cuxas notas características son: que o seu obxecto está constituído sempre por superficies físicas, son actos sen contraprestacións, isto é gratuítos, e no presente suposto trátase dunha transmisión obrigatoria.

No expediente axuizado, a parcela matriz, figura na súa totalidade en solo clasificado como urbano, estando cualificada como viario na súa parte centra, e que xa está urbanizado. Neste senso, cómpre traer a colación as previsións contidas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, concretamente o disposto no artigo 20.a) e b), ao enumerar como un dos deberes dos propietarios de solo urbano consolidado de completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os mesmos acaden, se aínda non a tivesen, a condición de "soar" e, para estes efectos, deberán asumir o custo dos gastos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e regularizar as vías públicas, executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento e ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a vías fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretenda parcelar, edificar ou rehabilitar.

Pola súa banda, o artigo 29 do Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no rexistro da propiedade dos actos de natureza urbanística establece que "los terrenos que en cumplimiento de las leyes hayan de ser objeto de cesión obligatoria, se inscribirán a favor de la administración actuante y para su afectación al destino previsto en los planes de ordenación. Los terrenos objeto de cesión deberán estar libres de cargas, salvo que la legislación urbanística aplicable establezca otra cosa".

O artigo 30 do mesmo corpo legal, establece que "la inscripción de dichas cesiones podrá hacerse en escritura pública".

III.2 – Clasificación e cualificación da parcela matriz

No presente suposto, a finca matriz de que se parte está constituída pola finca rexistral nº 21.631, inscrita no rexistro da propiedade nº 2 de Vigo, ao Tomo 2661, Libro 1432, folio 205, e cunha superficie de 1219 m², segundo resulta da escritura pública achegada; Está situada en solo clasificado como urbano, estando cualificada como viario na súa parte central. A parte Oeste figura cualificada como Ordenanza 2.2 de Industria xardín de tamaño medio, na que o uso predominante é o de industria, mentres que a parte Leste está cualificada como Ordenanza I.3.D de Edificación familiar en fileira de alta densidade, na que o uso predominante é o de vivenda familiar.

En consecuencia, ao estar o propietario obrigado, de conformidade coa normativa urbanística vixente a cesión do viario que atravesa a parcela matriz, como consecuencia da mesma prodúcese a división de facto en tres parcelas cuxa superficie e lindeiros se describen a continuación, consonte á documentación técnica presentada no rexistro xeral desta XMU baixo o doc. núm. 160020715, suscrita polo arquitecto don Pedro de la Puente Crespo en data febreiro de 2016.

Como resultado da cesión do viario referido, do que cómpre indicar e reiterar que xa se atopa totalmente urbanizado (expte.98/403) a parcela matriz divídese en tres parcelas, cuxa descrición e lindeiros é a que segue.

- *Parcela 1 (Ordenanza 2.2 D de industria xardín tamaño medio): solo urbano, denominada "Ramona" e outros nomes, na parroquia de Lavadores, cunha superficie de 426 m²; que linda Norte- parcela 2 de cesión para viario (Estrada Vilar); Sur- Alvariño Inversiones, SL; Leste- Parcela 2 de cesión para viario (Rúa Barxa do Covelo); Oeste- Alvariño Inversiones, SL.*
- *Parcela 2 (cesión gratuíta con destino a viario): solo urbano cualificado como sistema viario local previsto no PXOM, coa denominación Barxa do Covelo, na parroquia de lavadores, cunha superficie de 423 m²; que linda Norte- Estrada vilar; Sur- rúa Barxa do Covelo; Leste- Parcela 3 (resto da parcela matriz propiedade de Alvariño Inversiones, SL; Oeste- Parcela 1 (resto da parcela matriz propiedade de Alvariño Inversiones SL.*
- *Parcela 3 (Ordenanza 1.3.D de edificación familiar en fileira de alta densidade): solo urbano, coa denominación de "Ramona" e outros nomes, na parroquia de Lavadores, cunha superficie de 370 m² que linda Norte- Parcela 2 de cesión para viario (Estrada Vilar); Sur- Alvariño Inversiones, SL; Leste- Josefa e Nieves Pereiro Figueroa e Leonardo Germade; Oeste- Parcela 2 de cesión para viario (Rúa Barxa de covelo).*

III.3. Viabilidade da actuación proxectada

De conformidade co contido do informe técnico municipal emitido o 04/04/2016 os terreos afectados polas aliñacións do vial fixado polo vixente PXOM, se encontran urbanizados conforme ao proxecto de apertura e urbanización do vial na avenida de Madrid e a documentación achegada se axusta ao devandito proxecto, e é coincidente co tramo da rúa executada, e respecto do que a propiedade insta a a súa cesión gratuíta en favor desta administración.

III.4.- Órgano competente

A competencia para a adopción do presente acordo atribúese a Xunta de goberno local de conformidade co disposto no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, por proposta do Consello da xerencia, de conformidade co artigo 10.1.j) dos Estatutos da XMU.

Xa que logo, visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse a adopción do seguinte,

Acordo:

Primeiro.- Aceptar a cesión gratuíta por parte de "Alvariño Inversiones, SL" ao Concello de Vigo, do terreo destinado a viario, afecto ao uso público, cunha superficie de catrocentos vinte e tres metros cadrados- 423 m² , descrito nas alíneas precedentes, cuxos efectos producen a división de facto do predio rexistral nº 21.631 inscrito no Rexistro da propiedade núm. 2 de Vigo, (inscrición 6ª; Tomo 2661, libro 1432, Folio 205), ao ser atravesado polo devandito viario e a súa subsecuente cesión ao Concello de Vigo.

Segundo.- Como consecuencia da cesión da porción de terreo para viario descrito no parágrafo anterior, incluído no proxecto nomeado "Proxecto de apertura e urbanización de vial na Avda. de Madrid, 197" definitivamente aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo,

na sesión que tivo lugar en data 18/06/1999, a parcela matriz divídese en tres parcelas cuxas descrições e lindeiros se reflicten no apartado III. 2 da presente proposta.

Terceiro.- Convocar á entidade "Alvariño Inversiones, SL" á formalización da presente cesión gratuíta ao Excmo. Concello de Vigo, mediante a sinatura do correspondente documento administrativo, que será elevado ao rexistro da propiedade para a inscrición en escritura pública das parcelas resultantes, dereitos, afeccións e cesións que se conteñan no referido documento, sendo de conta do cedente todos os gastos rexistrados que se orixinen; Lembrándolle que de conformidade co disposto no Real decreto legislativo 1/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e no Regulamento de desenvolvemento aprobado por Real decreto 417/2006, deberá procederse á presentación no Catastro Inmobiliario de calquera declaración á que poida dar lugar o presente acto administrativo.

Cuarto.- Dar de alta os terreos obxecto da presente cesión no inventario municipal de bens e dereitos.

Quinto.- Dar conta da presente resolución á oficina de patrimonio e a oficina de cartografía municipal.

Sétimo.- Aprobar o texto do acordo de cesión que se insire como Anexo a continuación e facultar á Concelleira delegada desta área de urbanismo, D.^a M.^a José Caride Estévez, para a súa subscripción.

ANEXO: ACORDO DE CESIÓN GRATUÍTA Ó EXCMO. CONCELLO DE VIGO

Na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, o XXXX de XXXX de dous mil dezaseis, ante min, JOSÉ RIESGO BOLUDA, secretario da Xerencia municipal de urbanismo.

COMPARECEN

Dona María José Caride Éstevez, Concelleira delegada da Área de urbanismo e Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (CIF número P-8605706-D).

D. XXXX XXXX XXXXX, maior de idade, veciño de XXXX, con domicilio na rúa XXXX XXX núm. XX, X X, titular do DNI núm. XX.XXX.XXX-X, e/r da entidade mercantil "Alvariño Inversiones, SL" con CIF. XX.XXX.XXX-X.

INTERVEÑEN

Dona María José Caride Éstevez, en nome e en representación do Exmo. Concello de Vigo, facultada para este outorgamento por delegación do Alcalde-Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, conferida por Resolución do 6 de xullo de 2015,

D. José Riesgo Boluda, aos efectos de dación de fe pública ao presente documento.

D. XXXX XXXX XXXX, en representación da entidade "Alvariño Inversiones, SL".

As partes comparecentes, no carácter en que interveñen, recoñécense reciprocamente capacidade suficiente para o outorgamento do presente documento, e a tal fin:

EXPOÑEN

I.- Que a entidade mercantil "Alvariño Inversiones, SL" con CIF. XX.XXX.XXX-X polo título que se describirá a continuación é propietario da seguinte FINCA:

Urbana: terreo nombrado RAMONA, lugar de Vilar, parroquia de Lavadores, municipio de Vigo. Ten unha superficie de mil douscentos diecinueve metros cuadrados e os seguintes lindeiros segundo nota simple informativa emitida polo Rexistro da Propiedade núm. 2 de Vigo o día 16 de xullo de 2015. Norte, "Troncalva, S.L", que le separa de la carretera de Vilar; Sur, "Troncalva, SL; Este, de Josefa y Nieves Pereiro Figueroa y Leonard Germade; y Oeste, de "Troncalva, SL".

TÍTULO: Perténcelle segundo escritura de compravenda outorgada perante o notario desta cidade don José Pedro Riol López en data 03/06/2008 ao núm. 1410 do seu protocolo.

CARGAS: Manifesta que a finca se atopa libre de cargas e gravames así como de arrendatarios e ocupantes, estando ó corrente de toda clase de impostos e gastos.

INSCRICIÓN: Consta inscrita no Rexistro da Propiedade número 2 de Vigo, ao tomo 2661; libro 1432; folio 205; finca núm. 21631

II.- Que a citada parcela matriz, con respecto ao Plan xeral vixente de 1993, aprobado definitivamente mediante acordo da Xunta de Galicia de data 29.04.1993 (BOP núm. 133 do 14.07.1993), figura na súa totalidade en solo clasificado como urbano, estando cualificada como viario na súa parte central. A parte oeste figura cualificada como ordenanza 2.2.D de industria xardín de tamaño medio, na que o uso predominante é o de industria, e a parte leste da parcela está cualificada como Ordenanza 1.3.D de Edificación familiar en fileira de alta densidade, na que o uso predominante é o de vivenda familiar.

Polo que en consecuencia, está obrigado o propietario, de conformidade co que establece a lexislación urbanística, a ceder gratuitamente ó Concello de Vigo a porción de terreo que se describe a continuación: Solo urbano e cualificado como Sistema viario local previsto no PXOM, de 423 m², cos seguintes lindeiros: Norte: Estrada Vilar; Sur: Rúa Barxa do Covelo; Leste: parcela 3 (resto da parcela matriz propiedade de Alvariño Inversiones); Oeste: parcela 1 (resto da parcela matriz propiedade de Alvariño Inversiones)

III.- Coñecidos os expresados antecedentes, e preciso para a súa eficacia subscribir o presente documento administrativo no que se recollen as obrigas ás que queda suxeita a parcela; o outorgamento da cesión necesaria e a afección da porción de terreo cedido aos fins previstos na lexislación urbanística, todo iso para a súa ulterior inscrición no Rexistro da Propiedade.

Exposto canto antecede, os comparecentes outorgan o presente documento de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

Primeira.-D. XXXX XXXX XXXX e/r da entidade "Alvariño Inversiones, SL" cede gratuitamente e libre de cargas ó Excmo. Concello de Vigo, que acepta, a porción de terreo descrita no Expositivo II do presente acordo, dunha superficie de 423 m² como ben de dominio público, sistema viario local, afecto ao uso público.

Segunda.- Como consecuencia da cesión efectuada, a parcela matriz divídese en tres parcelas, cuxa descrición e lindeiros é a que segue.

- Parcela 1 (Ordenanza 2.2 D de industria xardín tamaño medio): solo urbano, denominada "Ramona" e outros nomes, na parroquia de Lavadores, cunha superficie de 426 m²; que linda Norte- parcela 2 de cesión para viario (Estrada Vilar); Sur- Alvariño Inversiones, SL; Leste- Parcela 2 de cesión para viario (Rúa Barxa do Covelo); Oeste- Alvariño Inversiones, SL.
- Parcela 2 (cesión gratuíta con destino a viario): solo urbano cualificado como sistema viario local previsto no PXOM, coa denominación Barxa do Covelo, na parroquia de lavadores, cunha superficie de 423 m²; que linda Norte- Estrada vilar; Sur- rúa Barxa do Covelo; Leste- Parcela 3 (resto da parcela matriz propiedade de Alvariño Inversiones, SL; Oeste- Parcela 1 (resto da parcela matriz propiedade de Alvariño Inversiones SL.
- Parcela 3 (Ordenanza 1.3.D de edificación familiar en fileira de alta densidade): solo urbano, coa denominación de "Ramona" e outros nomes, na parroquia de Lavadores, cunha superficie de 370 m² que linda Norte- Parcela 2 de cesión para viario (Estrada Vilar); Sur- Alvariño Inversiones, SL; Leste- Josefa e Nieves Pereiro Figueroa e Leonardo Germade; Oeste- Parcela 2 de cesión para viario (Rúa Barxa de covelo).

Terceira.- Serán de conta do cedente todos os gastos rexistrados que sexan consecuencia do presente documento.

En proba da súa conformidade, as partes asinan o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data indicados na cabeceira, do que eu como Secretario dou fe"

A VICEPRESIDENTA DA XMU

O SECRETARIO DA XMU

María José Caride Estevez

José Riesgo Boluda

O CEDENTE

Vigo, a XX de XXXX de 2016"

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente acordo.

21(351).- RECTIFICACIÓN DE ERROS NO PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 4316/336.

Dáse conta do informe-proposta do 12/04/16, da xefa do servizo de Xuventude, conformado pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

"Detectado un erro no texto do convenio coa Asociación Veciñal e Cultural de Lavadores para o desenvolvemento dun programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, expediente 4613/336, aprobado pola Xunta de Goberno local do 4 de marzo, no referente ao contido dos Pactos primeiro e décimo cuarto, propónse que por parte da Xunta de Goberno Local se proceda á corrección do mesmo, substituíndo o texto do convenio aprobado nesa data polo seguinte:

"Na Casa do Concello de Vigo, a

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde do Concello de Vigo con CIF P3605700-H.

Doutra, D. Eduardo Fernández Pérez, con DNI: 35961107D como presidente da Asociación Veciñal , Cultural e Deportiva de Lavadores, CIF: G36633618 e enderezo social en Rúa Ramón Nieto nº 302, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 4613/336

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos/as veciños e veciñas en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Lavadores un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento do programa de dinamización infantil e xuvenil que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- Que o Concello de Vigo a través da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servicios á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a través do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Veciñal , Cultural e Deportiva de Lavadores, referida ao desenvolvemento da actividade de dinamización infantil e xuvenil, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, "a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servicios ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público".

III.- Por todo elo, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.02, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 25.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

V.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 4613/336.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, conveñén a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de dinamización infantil e xuvenil para nenos e nenas de educación primaria (6 a 12 anos), proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación Veciñal , Cultural e Deportiva de Lavadores comprométese a desenvolver a actividade de dinamización infantil e xuvenil en Lavadores e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable e gratuíto, para rapaces e rapazas de educación primaria, con idades comprendidas entre os 6 e 12 anos , no inmovible denominado Villa Galicia, na rúa Ramón Nieto núm. 302, de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 horas agás nas vacacións de verán que será de 9:30 a 13:30 horas

2º.- Destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes , estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

3º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das nenas e nenos destinatarios a través do xogo e de actividades lúdicas.

4º.- Favorecer a participación e a integración social das persoas destinatarias, así coma das súas familias.

5º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

6º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

7º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

8º.- Fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos así como promover a coeducación para previr a violencia de xénero.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de dinamización infantil a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Conceder directamente á Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores unha subvención por importe de 25.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.02 do orzamento en vigor, co obxecto de coadxudar á financiación da actividade de dinamización infantil no ano 2016.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos; o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (12.500 €) e outro do 50% restante (12.500 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran, na execución da actividade subvencionada, as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A entidade Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Segundo a Lei Xeral de Subvencións rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións e darase publicidade.

Asimesmo por imperativo da Lei Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e booo goberno, tamén se publicará no Portal de Transparencia. (Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, da Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores, estas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

Noveno.- A Asociación Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, dentro do ano natural na que se concedeu a subvención e antes do 10 de decembro do presente ano.

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar:

a) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.

b) Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeito a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

c) Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financien o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012/2003, de 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredie exacto o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros; segundo establece a Base 38.4 de Execución, referente á forma de xustificación.

Se a Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 31 de decembro do 2016.

A Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá solicitar 3 ofertas nos contratos de subministros e servizos cando o gasto exceda de 18.000€, por aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

Décimo terceiro.- A Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, sen que en ningún caso a vixianza e atención dos menores poida, por seguridade destes, ser prestada por unha soa persoa, configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dara lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e o reintegro das cantidades percibidas.

Décimo quinto.- canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a asociación cultural, veciñal e Deportiva de lavadores da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no título iv da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no rd 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude. A Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores poderá exercelos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen

neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a

*O Alcalde
Asdo: Abel Caballero Álvarez*

*Presidente da AVCD de Lavadores
D.Eduardo Fernández Pérez”*

22(352).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAM) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL CONCRETADO NUNHA LUDOTECA INCLUSIVA. EXPTE. 4611/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25/02/16 e o informe de fiscalización do 23/03/16, dáse conta do informe-proposta do 15/02/16, da xefa do servizo de Xuventude, conformado pola concelleira-”delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” .

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e Asociación APAM , para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2016.

A Asociación APAM vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades .

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións do Rúa Sagunto 86, adecuadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades de dinamización en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e

sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que a Asociación APAM é a única entidade que desenvolveu este programa xeito continuado dende o ano 2002, contando cun espazo adecuado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.03 cunha dotación de 20.000 €, destinada a tal fin.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai trece anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 17:00 e 20:00 hs. excepto o mes de agosto que non se prestará o servizo. A Asociación APAM destinará á actividade un mínimo de dúas persoas con formación en Tempo Libre, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, sen que en ningún caso a vixianza e atención dos menores poida, por seguridade destes, ser prestada por unha soa persoa.

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión da Ludoteca Inclusiva durante o ano 2016. Esta subvención cun importe de 20.000 € establécese a través dun convenio coa Asociación APAM, dado que dende o seu inicio é a entidade encargada de organizar esta actividade.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente. Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil na cidade de Vigo, razón polo que se obvian os principios de publicidade e concorrencia.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: "Aprobación do texto do convenio para desenvolver a actividade de Ludoteca Inclusiva dirixido a nenas e nenos de 4 a 10 anos, entre o Concello de Vigo e o Asociación APAM, que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 20.000€ a favor da entidade APAM, C.I.F. G36624120 con cargo á aplicación orzamentaria 3370-489.00.03 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 10.000€ correspondentes á sinatura deste convenio, e o 50% restante (10.000€) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías.

CUARTO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 10.000 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante (10.000 €) á finalización do mesmo.

QUINTO: *Facultar á Concelleira de Xuventude, Eugenia Dolores Blanco Iglesias para a sinatura do presente convenio”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

Na Casa do Concello de Vigo, a

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde do Concello de Vigo con CIF P3605700-H.

Doutra, D. Daniel Varela Lago, con DNI: 36012389R como presidente da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral C.I.F. G-36624120 e enderezo social na rúa Miguel Hernández nº 1 CP 36210, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 4611/336

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral ten entre os seus fins o facilitar os medios adecuados para que as persoas con dicapacidade psíquica-física de calquera índole adquiren os coñecementos e aptitudes necesarias para a súa normalización e integración social, así como o desenvolvemento de programas de respiro familiar Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca de Integración que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- Que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación e a integración, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida favorecer a integración, combinando tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta

que a actividade de Ludoteca proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de

auxilios directos ou indirectos para servicios ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.03, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000 euros, a favor da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

V.- Que a entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 4611/336

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, o Concello de Vigo e a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, conveñén a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de Ludoteca proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral comprométese a desenvolver a actividade de Ludoteca e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de integración e de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 4 e 10 anos, como mínimo, no inmovible da rúa Sagunto nº 86, 36205 da cidade de Vigo, de acordo co programa presentado, atendendo diariamente a un máximo de 24 nenos e nenas, sendo a media de participación semanal é de 50.

2º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.

3º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.

4º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

5º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Conceder directamente á APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral unha subvención por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria "SUBVENCIÓN LUDOTECA APAMP " 33704890003 do orzamento en vigor, co obxecto de coadxudar á financiación da actividade de ludoteca no ano 2016.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (10.000 €) e outro do 50% restante (10.000 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Segundo a Lei Xeral de Subvencións rexistrarase na Base de Datos Nacional de Subvencións e darase publicidade.

Asimesmo por imperativo da Lei Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e booo goberno tamén se publicará no Portal de Transparencia.

(Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, da Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, estas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

Noveno.- A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, dentro do ano natural na que se concedeu a subvención e antes do 10 de decembro do presente ano.

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar:

a) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.

b) Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeito a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

c) Manifestación doutros ingresos ou subveccións que financien o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento.

Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por

unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros; segundo establece a Base 38.4 de Execución, referente á forma de xustificación.

Se a entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención.

A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 31 de decembro do 2016.

A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

Décimo terceiro.- A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a

O ALCALDE

D. Daniel Varela Lago

Asdo. Abel Caballero Álvarez

Presidente de APAMP

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

23(353).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PAR A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA “VIGO EN INGLÉS 2016”. EXPTE. 17468/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada polo secretario da Mesa de Contratación con data 13.04.16, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o 13 de abril de 2016, acordou:

5.- Proposta de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística "Vigo en Inglés 2016". (expediente 17468-332).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística "Vigo en Inglés 2016". (expediente 17468-332)." no seguinte orde decrecente:

Newlink Education, S.L. 98,75 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Newlink Education, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 736,12 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(354).- SUBVENCIÓN DIRECTA AO CLUB PATÍN VAGALUME EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO CIDADE DE VIGO DE PATINAXE SHOW QUE SE VAI CELEBRAR NA CIDADE DE VIGO O 17 DE ABRIL DE 2016. EXPTE. 14984/333.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.04.16 e o informe de fiscalización do 14.04.16, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 31.03.16, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente de subvención a favor do Club Patín Vagalume ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do Cto. Cidade de Vigo de Patinaxe Show que se vai celebrar na cidade de Vigo o 17 de abril de 2016.

O Club Patín Vagalume, é unha asociación privada con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, que ten por obxecto primordial, o fomento e o impulso da práctica do patinaxe, así como a participación en actividades e competicións deportivas.

En liña co cumprimento destes obxectivos, atopámonos que de forma xeral as actuacións da entidade van encamiñadas fundamentalmente ao fomento e promoción do deporte a través da dinamización de actividades formativas, que materializa no desenvolvemento da súa escola de patinaxe, a participación en competicións regulares no ámbito do deporte federado e a organización de eventos e actividades orientados á difusión do patinaxe, posibilitando un maior achegamento á Sociedade Viguesa en xeral a esta modalidade de gran arraigo na cidade de Vigo.

Unha das actuacións mais relevantes que o Club Patín Vagalume desenvolve no ano 2016 é a organización do Cto. Cidade de Vigo de Patinaxe Show que se vai celebrar o 17 de abril de 2016.

Esta competición converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do patinaxe a nivel nacional, xa que nela participarán un elevado número dos e das mellores deportistas, outorgando á competición un enorme valor competitivo.

Na competición participarán máis de 500 patinadores/as nas diferentes categorías, e se estima que cerca de 1.500 persoas acudirán ó que será un espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade.

A importancia desta competición radica ademais no impulso que supón para unha modalidade historicamente moi arraigada na nosa comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular.

Tendo en conta estas cuestións e atendendo ás actuacións vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo, plantéase a presente proposta de resolución para a adxudicación dunha subvención por importe de 4.000,00 euros ao obxecto de coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización do Cto. Cidade de Vigo de Patinaxe Show o 17 de abril de 2016.

Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten o desenvolvemento de proxectos que poñan en valor o desenvolvemento de propostas deportivas de interese xeral para a cidade de Vigo, como o Cto. Cidade de Vigo de Patinaxe Show, obxecto da presente proposta de subvención; Considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida polas entidades da cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida polo Club Patín Vagalume, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 4.000,00€ ao obxecto de coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización da dita competición que se celebrará na cidade de Vigo o 17 de abril de 2016.

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade o Club Patín Vagalume é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características tan particulares, e a única entidade coa autorización federativa necesaria. Estas circunstancias xustifican que para o desenvolvemento deste expediente, non resulte posible nin recomendable promover a concorrència, pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social,

razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención ó Club Patín Vagalume, co obxectivo de colaborar na financiación dos gastos vinculados coa dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, plantéase a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización do Cto. Cidade de Vigo de patinaxe show que se ten previsto celebrar o vindeiro 17 de abril de 2016.

O Club Patín Vagalume non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14984/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto do Club Patín Vagalume, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que "Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos".

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Club Patín Vagalume é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización do Cto. Cidade de Vigo de Patinaxe Show que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo o 17 de abril de 2016, debido o interese que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos como o de referencia.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

O Club Patín Vagalume presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades vinculadas co desenvolvemento do Cto. Cidade de Vigo de Patinaxe Show e o destino previsto da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte do Club Patín Vagalume das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

O Técnico responsable do servizo de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitirá un informe no que constatará a adecuada xustificación da subvención, e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da

subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- 1. Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*
- 2. Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que ésta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- 3. Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.*
- 4. Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.*
- 5. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.*
- 6. Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:*
 - Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.*
 - Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*

- *En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto da resolución proposta a favor do Club Patín Vagalume, co CIF: V-36982304, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar na financiación dos gastos vinculados co desenvolvemento do Cto. Cidade de Vigo de Patinaxe Show que se vai celebrar na cidade de Vigo o 17 de abril de 2016 , de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar na financiación dos gastos vinculados co desenvolvemento do Cto. Cidade de Vigo de Patinaxe Show que se vai celebrar na cidade de Vigo o 17 de abril de 2016.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que "Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos".

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Ase-

made o Club Patín Vagalume é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que o Club Patín Vagalume non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14984/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo ata tres meses da finalización do evento subvencionado.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- 1. Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*
- 2. Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que ésta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- 3. Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
- 4. Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.*
- 5. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.*

6. *Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:*

- *Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.*
- *Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*
- *En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

SEGUNDA: Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 4.000,00 € a favor do Club Patín Vagalume, co CIF: V-36982304, con enderezo social na Rúa Aragón, 202, 4ºC, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para coadjuvar na financiación dos

gastos xerados pola organización do Cto. Cidade de Vigo de Patinaxe Show que se vai celebrar na cidade de Vigo o 17 de abril de 2016.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(355).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e doce minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.